



ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA

CELEBRADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. MIGEL ALVES LAGO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

DONA LUCÍA CESAR VELOSO

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 2 de marzo de 2017, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

- 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, de data 26 de xaneiro de 2017.
- 2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes de xaneiro de 2017
- 3.- Toma de coñecemento do informe do 4º trimestre 2016 de morosidade, ao abeiro do disposto na Lei 5/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de lita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- 4.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociación ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención as través dun único representante das mesmas.
- 5.- Aprobación, se procede, do manifesto do Consello Local da Muller con motivo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.
- 6.- Aprobación, se procede, do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario 01/CE/2017, así como de cambio de finalidade de financiamento afectado 01/CF/2017.
- 7.- Aprobación, se procede, do orzamento xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio de 2017, anexo de investimentos, operación de crédito que o financia e teito de gasto non financeiro. Así como o cadro de persoal, relación e postos de traballo e oferta de emprego público.
- 8.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa aos danos causados polos temporais e as responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.
- 9.- Aprobación, se procede, da moción presenta polo grupo municipal do BNG para o arranxo das deficiencias no centro sociocultural de Carril.
- 10.-Aprobación, se procede da moción presentada polo grupo municipal do BNG para o arranxo das deficiencias no colexio de Vilaxoán.
- 11.- Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo municipal de EU de apoio ao sector da estiba
- 12.-Interpelacións.



- 13.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razón de urxencia.
- 14.- Rogos e preguntas
- 15.- Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, DE DATA 26 DE XANEIRO DE 2017.-

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de 26 de xaneiro de 2017.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XANEIRO DE 2017.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO DE 2017:

Nº	DESCRICIÓN
2	Altas e baixas de créditos
1	Recoñecemento de obrigas e pagamentos
1	Aprobación da conta xustificativa e recoñecemento de obriga para subvención
1	Recoñecemento e pago de obrigas de amortización de préstamos e liquidacións.
1	Xustificación anticipo caixa fixa.
7	Pagamento de facturas
1	Reaxuste de operacións contables e recoñecementos de obrigas
1	Caducidade do procedemento de reposición da legalidade urbanística
1	Desestimación de recurso de reposición
1	Requirimento para presentación de proxecto
2	Incoacións de expediente de reposición da legalidade urbanística.
6	Aprobación de facturas.
1	Comunicación previa para construción.
1	Licenza de demolición
1	Declaración de ruína
1	Licenza de acondicionamento de local
2	Comunicación previa de obras en tellado
14	Concesión de licenzas de obra
7	Comunicación previa para desenvolvemento de actividade.
1	Rehabilitación de fachada
16	Comunicación previa para obras
24	Licenzas de obras
6	Trámite de audiencia por ausencia non xustificada do servizo.
3	Nomeamentos de funcionarios interinos
1	Aprobación do Plan de Seguridade de obras en Valle Inclán
1	Recurso contencioso administrativo.
3	Arquivo de expedientes
1	Lista definitiva e tribunais para bolsa de traballo.
1	Nomeamento de director de obras.
1	Designación de encargado accidental do auditorio.
2	Gratificación espacial por substitución de posto de traballo.
29	Sancións por infraccións de tráfico
12	Sobresementos de sancións de tráfico.
1	Ampliación de prazo para execución de obra.



- 6 Expedientes de sanción de multas de tráfico
- 5 Concesión fraccionamento de pago.
- 2 Designación de interventora en función
- 1 Aplicación de novos importes do Salario Mínimo Interprofesional.
- 5 Recoñecemento e abono a departamentos por traballos en domingo e traballos nocturnos.
- 1 Designación de encargado accidental en Alumeado público.
- 3 Deducción de haberes por ausencia non xustificada.
- 1 Nomeamento de Alcaldesa en función.
- 1 Solicitud de licenza de legalización de obras.

TOTAL: 179

O Concello Pleno queda sabedor.

3.-TOMA DE COÑECEMENTO DO INFORME DO 4º TRIMESTRE DE MOROSIDADE, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACION DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS. Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do Informe trimestral de Tesourería e da Intervención Municipal, do cuarto trimestre de 2016, emitido segundo o previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.706.990,98	818.061,84
Investimentos reais	179.927,70	231.413,02
Outros pagos realizados por operacións comerciais		50.525,14
Sen desagregar		
TOTAL	1.886.918,68	1.100.000,00

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00

Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	1.025.506,43	342.813,74
Investimentos reais	546.444,19	31.648,76
Outros pagos realizados por operacións comerciais	19.097,02	6.877,22
Pendientes de aplicar a Orzamento	41.243,45	36.170,88
TOTAL	1.632.290,79	417.510,60

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre con mais de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00 €.

Dáse conta do informe da Interventora da Fundación de Deportes, no que se indica:

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	100.372,14	311,57
Investimentos reais	25.596,22	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Sen desagregar		
TOTAL	125.968,36	311,57

Xuros de demora pagados no trimestre: 0,00



Facturas ou documentos pendentes de pago ao final do trimestre	Dentro do período legal de pago	Fóra do período legal de pago
Gastos en bens correntes e servizos	123.303,30	0,00
Investimentos reais	0,00	0,00
Outros pagos realizados por operacións comerciais	0,00	0,00
Pendientes de aplicar ao orzamento	0,00	0,00
TOTAL	123.303,30	0,00

Facturas ou documentos xustificativos ao final do trimestre da FPSDM con mais de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento de obriga: 0,00

A Comisión queda sabedora.

O Concello Pleno queda sabedor.

4.- . TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

5.- MANIFESTO DO CONSELLO LOCAL DA MULLER CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta do Manifesto do Consello Local da Muller, do seguinte teor:

MANIFESTO POLO 8 de MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES. CONSELLO LOCAL DA MULLER

Conmemoramos o 8 de marzo co carácter reivindicativo que o Día Internacional das Mulleres conleva. Un ano máis, facemos noso o concepto de Nacións Unidas sobre **igualdade substantiva**, que consiste en converter a igualdade formal das nosas leis nunha igualdade real. Para alcanzala, hai que actuar en tres esferas interrelacionadas: reverter a situación socioeconómica na que as políticas neoliberais situaron as mulleres, loitar contra os estereotipos machistas, sexistas e todas as manifestacións de violencia de xénero e traballar o empoderamento das mulleres para fortalecer a súa participación e representatividade.

Nos últimos anos de crise económica os recortes supuxeron un retroceso enorme en dereitos de cidadanía para todas as mulleres. A desigualdade creceu ata colocar a España como o segundo país máis desigual da Unión Europea.



Respecto do mundo do traballo, nos últimos anos intensificouse a destrución de emprego feminino indefinido ata nun 68%. O paro feminino rexistrado aumentou ata alcanzar o 51,5% e España atópase no sétimo lugar da UE con maior brecha salarial. Segundo a última enquisa de estrutura salarial, o salario medio feminino foi de 19.502€ fronte aos 25.001€ dos homes. Tamén sobre a estrutura do emprego os datos son insistentes, o 76% dos traballos a tempo parcial están ocupados por mulleres e o 23,3% do emprego feminino é emprego a tempo parcial. No tocante ás pensións de xubilación, por primeira vez estamos asistindo en España a unha baixada na contía das pensións medias, o que, no caso das mulleres -con pensións medias de 770,00€, fronte aos 1.223,73€ dos homes, reflexo dunha vida laboral marcada pola temporalidade e o emprego a tempo parcial- empeora aínda máis unha situación xa desigual de partida.

Son tamén as mulleres quen segue cargando maioritariamente sobre as súas costas cunha conciliación sen corresponsabilidade. No conxunto do Estado as mulleres traballan no ámbito doméstico 21 horas máis á semana cós seus compañeiros. O 82% das persoas coidadoras principais dos nenos e nenas de 0 a 3 anos son as nais, o 7,5% as avoas e só o 4,8% os pais.

Este é o contexto que reflicte o Informe Global de Brecha de Xénero de 2016 do Foro Económico Mundial, que nos indica que esta brecha, lonxe de ir pechándose, aumentou significativamente, o que suporía, se non se toman medidas concretas, que a igualdade de xénero de xeito global no ámbito económico non se logrará ata dentro de 170 anos.

A violencia de xénero como manifestación máxima da desigualdade, lonxe de diminuír, segue producindo un insoportable número de mulleres vítimas, mentres que os recursos públicos destinados ás políticas de prevención e de atención diminúen de xeito continuado. O orzamento estatal reduciuse nun 26 % desde o ano 2010 (9 millóns de € menos) e é claramente insuficiente para cumprir cos compromisos do Convenio de Istambul. O recorte nun 5,22% do "Programa de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" é contrario ao punto 15 das Observacións do Comité das Nacións Unidas para a Eliminación da Discriminación contra a Muller das Nacións Unidas, que xa avisou a España de que "as medidas de austeridade introducidas en resposta á crise económica van ter un impacto grave e desproporcionado nas mulleres".

Ante esta situación, cremos que máis que nunca é necesario o empoderamento feminino e feminista. As mulleres percorremos un longo camiño nos últimos 200 anos no que conquistamos dereitos de cidadanía e dereitos individuais e colocamos, tanto na axenda política coma nos textos normativos, a esixencia da igualdade e fixémoslo en condicións moi difíciles removendo institucións patriarcais solidamente asentadas. Con todo, é necesario seguir avanzando e para iso é necesaria a conciencia clara por parte de todas de que o que reivindicamos non só é xusto, senón ademais necesario socialmente. Vivir igualitariamente e vivir sen violencia é unha reivindicación de alcance global que beneficia a toda a sociedade e que abre a perspectiva dun futuro acolledor, seriamente ameazado na actualidade, para todas nós e para as nosas fillas e os nosos fillos.

Por tanto, esixímoslles ás institucións e concretamente ao Concello prioridade nas políticas de Igualdade e no combate contra a violencia machista e esixímolles aos homes, aos nosos compañeiros, que dean un paso adiante e asuman e realicen esa revolución interior que aínda, como colectivo, teñen pendente.

Por último, dende o Consello Local da Muller solicitámoslle á Corporación Municipal que apoie este Manifesto e que traballe para facer realidade as esixencias que nel se fan e que se sume a participar na súa lectura no acto do vindeiro 8 de marzo ás 12:00h na porta do Concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, BNG, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PP, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente o manifesto do Consello Local da Muller



- Intervén o Sr. García Somoza dicindo que a igualdade real entre homes e mulleres está lonxe. Con esforzo e vontade pódese andar ese camiño. No eido económico se conseguiría a igualdade dentro de 170 anos, sinala o manifesto.

Magnífico traballo da Área de Igualdade do Concello.

Debe pasarse pola Sala de Exposicións do Auditorio para ver a exposición: Muller tiñas que ser.

- Intervén a Sra. Cesar Veloso dicindo que no século XXI temos que poñer por diante ser mulleres. Un parlamentario polaco fixo unhas declaracións denigrantes, estes días.

No BNG levan demandando unha Lei de Feminizado, e tamén que se rompa o modelo patriarcal da Igrexa.

O Manifesto pon todo claro. Piden un mundo igualitario para as mulleres.

- Intervén a Sra. Mosquera Leal dicindo que están destacando a invisibilidade das mulleres. É moi triste.

Parabéns pola exposición das Mulleres de Vilagarcía.

As noticias negativas de asasinatos, denotan falta de igualdade, é un desprezo cara a muller.

Non hai unha igualdade laboral e social.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que o grupo municipal do PP vai a aprobar o manifesto, máis polo fondo que pola forma. As Asociacións non aportaron un texto. O borrador o fixo a técnica de igualdade. Ese borrador se levou a véspera e non houbo tempo para facer aportacións e non se aprobou. Se deu aprobado por asentamento.

Lévanse 27 vítimas por violencia de xénero este ano, toda a sociedade debe dar este paso adiante e apoiar e estar unidos, e non se pode consentir a desigualdade cando iso leva á violencia de xénero.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que os técnicos presentaron un texto, como se fixo sempre.

Da as grazas ao equipo de Igualdade.

Invita a todos/as aos actos do 8 de marzo de 2017. Cando hai vítimas débese ir á Praza de Galicia, pero sobre todo homes a concentrarse.

A prensa debe chamar aos asasinatos das mulleres polo seu nome.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar o Manifesto do Consello Local da Muller e seguir traballando para facer realidade as esixencias que nel se fan e sumarse a participar na súa lectura no acto do vindeiro 8 de marzo ás 12,00h na porta do Concello.

6- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 01/CE/2017, ASI COMO DE CAMBIO DE FINALIDADE DE FINANCIAMENTO AFECTADO 01/CF/2017.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da Memoria-Proposta da Alcaldía do seguinte teor:



MEMORIA-PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DAS MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO, E DO CAMBIO DE FINALIDADE DO FINANCIAMENTO AFECTADO PROCEDENTE DE DIVERSOS PRESTAMOS.

Mediante Providencia da Alcaldía de data 15 de febreiro de 2017 incoáronse os seguintes expedientes:

- Expediente **Nº 01/CF/2017** de cambio de finalidade do financiamento afectado procedente de diversas operacións de préstamo a longo prazo dos exercicios 2008, 2015 e 2016 e afectas aos diferentes Anexos de investimentos por un importe global de **222.357,09€**.
- Expediente **Nº01/CE/2017** de modificación de crédito por crédito extraordinario por importe de **222.357,09€**.

Todos eles co fin de dar cobertura os seguintes proxectos de gasto:

APLICACIÓN	Nº OBRA*	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
453-62500	X/2017	SUBMINISTRO MOBILIARIO URBANO	20.825,57	20.825,57	20.825,57
334-62300	X/2017	SUBM.MATERIAL INVENTARIABLE CASAS DE CULTURA	16.477,20	16.477,20	16.477,20
171-62300	X/2017	SUBMINISTRO ÁREAS DE XOGO PARQUES MUNICIPAIS	38.000,00	38.000,00	38.000,00
231-62200	X/2017	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	55.000,00	55.000,00	55.000,00
170-63200	X/2017	OBRAS ACOND. PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	60.000,00	60.000,00	60.000,00
311-62300	X/2017	SUBM. VEHÍCULO RECOLLIDA ANIMAIS	10.000,00	10.000,00	10.000,00
3261-62500	X/2017	SUBM. MOBILIARIO CONSERVATORIO	2.040,00	2.040,00	2.040,00
3261-62600	X/2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS CONSERVATORIO	1.020,00	1.020,00	1.020,00
3261-62300	X/2017	SUBM. INSTRUMENTOS E EQUIPO DE SONIDO ESCOLA DE MÚSICA	2.720,00	2.720,00	2.720,00
3261-62600	X/2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS ESCOLA DE MÚSICA	1.700,00	1.700,00	1.700,00
4591-62300	X/2017	SUBM. EQUIPAMENTO VARIO PRAIAS	3.740,00	3.740,00	3.740,00
9201-62300	X/2017	SUBM. TELEFONOS FIXOS ADMON. XERAL	4.080,00	4.080,00	4.080,00
9201-62600	X/2017	SUBM.PANTALLAS ADMON. XERAL	6.754,32	6.754,32	6.754,32
TOTAIS			222.357,09	222.357,09	222.357,09

O que se pretende con este expediente é rentabilizar os excedentes de financiamento afectado existentes e destinalos a proxectos de gasto que se consideran indispensables, ben porqué se corresponden coas necesidades postas de manifesto polos diferentes servizos municipais, ben porqué responden a necesidades de investimento que este equipo de goberno considera esenciais para responder ás demandas veciñais.

Se trata de gastos específicos e determinados para os que se precisa contar con consignación orzamentaria á maior brevidade posible por estar relacionados con tanto con servizos básicos de prestación obrigatoria como de competencia propia, para os que non é posible dotar inicialmente crédito no orzamento 2017.



As limitacións ao nivel de débeda financeira impostas polo Plano de Axuste co que conta o Concello de Vilagarcía impiden acudir a un préstamo por maior importe do recollido no proxecto de Orzamento para o exercicio 2017, e tampouco é posible acometer as actuacións pretendidas con este expediente con cargo a recursos propios sen menoscabar con elo a prestación dos servizos básicos, polo que esta alcaldía facendo uso do exceso de financiamento existente en proxectos para os que no seu día concertáronse operacións de préstamo a longo prazo, e que non van a continuarse ou a iniciarse, a través da figura da modificación orzamentaria dotará do crédito preciso para os novos proxectos expostos.

Se trata en todos os casos de investimentos básicos como son continuar coa dotación dos parques infantís municipais, seguir na liña de mellora na accesibilidade das instalacións municipais, acondicionamento do punto limpo, equipamento das nosas praias, así como diversos subministros para os servizos de Admón. Xeral, Escola de Música, Conservatorio, Salubridade...etc; todo elo co fin de responder ás diversas demandas veciñais así como executar actuacións que o propio equipo de goberno ten dentro dos seus obxectivos.

Tendo en conta os sobrantes existentes como consecuencia do desestimento ou da finalización de diversos proxectos de gasto correspondentes aos exercicios 2008, 2015 e 2016 co detalle exposto no **Anexo I** ao informe de Intervención **CV 15/2017** por un importe global de **222.357,09€**, e que constitúen medios e recursos afectados que poden financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004.

Posto de manifesto mediante informe de Intervención adxunto ó expediente (**Ref. CV- 15/2017**), que existen excesos de financiamento nos proxectos indicados no **Anexo I** á presente Providencia por importe de **222.357,09€**.

Esta Alcaldía, co obxecto de atender aos compromisos anteriormente descritos propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **01/CF/2017** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **222.357,09€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no Anexo I do informe de Intervención CV 15/2017 do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **01/CE/2017** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **222.357,09€**, para atender os gastos derivados dos seguintes Proxectos:

APLICACIÓN	Nº OBRA	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
453-62500	X/2017	SUBMINISTRO MOBILIARIO URBANO	20.825,57	20.825,57	20.825,57
334-62300	X/2017	SUBM.MATERIAL INVENTARIABLE CASAS DE CULTURA	16.477,20	16.477,20	16.477,20
171-62300	X/2017	SUBMINISTRO ÁREAS DE XOGO PARQUES MUNICIPAIS	38.000,00	38.000,00	38.000,00
231-62200	X/2017	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	55.000,00	55.000,00	55.000,00
170-63200	X/2017	OBRAS ACOND. PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	60.000,00	60.000,00	60.000,00
311-62300	X/2017	SUBM. VEHÍCULO RECOLLIDA ANIMAIS	10.000,00	10.000,00	10.000,00
3261-62500	X/2017	SUBM. MOBILIARIO CONSERVATORIO	2.040,00	2.040,00	2.040,00
3261-62600	X/2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS CONSERVATORIO	1.020,00	1.020,00	1.020,00
3261-62300	X/2017	SUBM. INSTRUMENTOS E EQUIPO DE SONIDO ESCOLA DE MÚSICA	2.720,00	2.720,00	2.720,00



3261-62600	X/2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS ESCOLA DE MÚSICA	1.700,00	1.700,00	1.700,00
4591-62300	X/2017	SUBM. EQUIPAMENTO VARIO PRAIAS	3.740,00	3.740,00	3.740,00
9201-62300	X/2017	SUBM. TELEFONOS FIXOS ADMON. XERAL	4.080,00	4.080,00	4.080,00
9201-62600	X/2017	SUBM.PANTALLAS ADMON. XERAL	6.754,32	6.754,32	6.754,32
TOTAIS			222.357,09	222.357,09	222.357,09

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes aos proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, ós que se cambia a finalidade do financiamento afectado procedente de diversos préstamo concertados pola Entidade nos exercicios 2008, 2015 e 2016, producíndose baixas polos importes e nas aplicacións indicadas no Anexo I do informe de Intervención CV 15/2017.

TERCEIRO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestamento expreso para os proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas.

CUARTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº OBRA	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
453-62500	X/2017	2017	SUBMINISTRO MOBILIARIO URBANO	20.825,57	OBRA 2008/5 AROUSA XXI, 4311-640	VARIOS PROYECTOS CERRADOS	3.000,00	87010
					ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	17.825,57	87010
							20.825,57	
334-62300	X/2017	2017	SUBM.MATERIAL INVENTARIABLE CASAS DE CULTURA	16.477,20	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	16.477,20	87010
							16.477,20	
171-62300	X/2017	2017	SUBMINISTRO ÁREAS DE XOGO PARQUES MUNICIPAIS	38.000,00	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	38.000,00	87010
							38.000,00	
231-62200	X/2017	2017	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	55.000,00	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	55.000,00	87010
							55.000,00	
170-62200	X/2017	2017	OBRAS ACOND.PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	60.000,00	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	22.697,23	87010
					PARQUES BIOSALUDABLES	PRÉSTAMO BBVA 2015	1.671,28	87010
					ADQUISICION TERREOS PARA CAMPO DE FUTBOL DE BAMIO	VARIOS PROYECTOS CERRADOS	3.844,80	87010
					APP-WEB	Préstamo Bco. Sabadell 2016	6.889,71	91300



					ELECTRÓNICA DE RED	Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.292,09	91300
					SUBMINISTROS SOFTWARE 2016	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.004,81	91300
					SUBMINISTROS HARDWARE 2016	Préstamo Bco. Sabadell 2016	609,17	91300
					APLICACIÓN RECADACIÓN	Préstamo Bco. Sabadell 2016	15.000,00	91300
					ADQUISICIÓN MOBILIARIO CONSERVATORIO	Préstamo Bco. Sabadell 2016	144,40	91300
					PARKING AUTOCARAVANAS	Préstamo Bco. Sabadell 2016	3.000,00	91300
					MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.846,51	91300
							60.000,00	
311-62400	X/2017	2017	SUBM. VEHICULO RECOLLIDA ANIMAIS	10.000,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	10.000,00	91300
							10.000,00	
3261-62500	X/2017	2017	SUBM. MOBILIARIO CONSERVATORIO	2.040,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.040,00	91300
							2.040,00	
3261-62600	X/2017	2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS CONSERVATORIO	1.020,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.020,00	91300
							1.020,00	
3261-62300	X/2017	2017	SUBM. INSTRUMENTOS E EQUIPO DE SONIDO ESCOLA DE MÚSICA	2.720,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.720,00	91300
							2.720,00	
3261-62600	X/2017	2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS ESCOLA DE MÚSICA	1.700,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.700,00	91300
							1.700,00	
4591-62300	X/2017	2017	SUBM. EQUIPAMENTO VARIO PRAIAS	3.740,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	3.740,00	91300
							3.740,00	
9201-62300	X/2017	2017	SUBM. TELEFONOS FIXOS ADMON. XERAL	4.080,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	4.080,00	91300
							4.080,00	
9201-62600	X/2017	2017	SUBM.PANTALLAS ADMON. XERAL	6.754,32	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	6.754,32	91300
							6.754,32	
				222.357,09			222.357,09	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **Nº01/CF/2017** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente **Nº01/CE/2017** de créditos



extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas seguintes modificacións orzamentarias, especialmente no referente ao acondicionamento do Punto Limpo Pinar do Rey á vista dos requirimentos realizados pola Xunta de Galicia, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2016 prorrogadas ao exercicio 2017, de forma que *transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións*, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

Vilagarcía de Arousa, 15 de xaneiro de 2016

O ALCALDE

Alberto Varela paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, EU, BNG e Somos Maioría din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de crédito por crédito extraordinario n° 1/CE/2017, así como de cambio de finalidade de financiamento afectado n° 01/CF/2017.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se trata de obras necesarias, as do Punto Limpo de Pinar do Rei son urxentes pola inspección da Xunta de Galicia. Pide o apoio da Corporación para modificar estes fondos.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que non vai votar a favor. Non tería sentido pola súa parte votar este cambio de finalidade. Aproban unha modificación orzamentaria para incorporar a un orzamento que non está aprobado.

Buscan no baúl dos recordos e fan política-fición e ademáis pretende modificar un orzamento non aprobado.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que para o BNG consideran prioritario este cambio de finalidade, para levar a cabo o acondicionamento do punto limpo, mobiliario urbano, etc.

Van a apoiar o expediente.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que este expediente ten repercusión no orzamento de 2017, e o orzamento de 2016 aprobose na Alcaldía, e agora precisan aprobación do Pleno desta modificación.

En pleno debate do orzamento se trae este expediente. Hai partidas que van a servir para a mesma finalidade e se cambia sen necesidade (mellora accesibilidade instalacións municipais/obras accesibilidade instalacións municipais).



Non dubidan da urxencia das obras do Punto Limpo, pero non dan o beneplácito. Cando aposten por modificacións serán obras propostas polo Pleno.

EU vai a absterse. Se suprime parte para unha aplicación de Recadación e eses cartos podían valer para fraccionar impostos e non cambiala para o Punto Limpo.

- Intervén a Sra. Castro Vidal dicindo que lles chama a atención a forma de tramitar este expediente. Cando se vai aprobar o orzamento de 2017 e deriva dunha mala planificación. Se formula a eliminación dun proxecto para adquirir terreos en Fontecarmoa e se trata de algo positivo para o Concello, e agora se anula.-

- Intervén a Sra. García Sanmartín dando as grazas aos grupos que apoian esta iniciativa. Se hai remanentes e prioridades as atenderán.

Os terreos de Fontecarmoa, non se levou a cabo a compra por unha cuestión de legalidade.

Agradece o apoio a este asunto da Corporación.

Non é política ficción, as obras que se propoñen e política para as persoas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e EU (Sr. Alves Lago), tres abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (2) e Somos Maioría (1), e sete votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE, Por maioría:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente nº **01/CF/2017** de modificación de finalidade do financiamento afectado por importe de **222.357,09€**, segundo o detalle que consta na providencia de Alcaldía, o que suporá baixas de créditos de gastos nas aplicacións e para os proxectos indicados no Anexo I do informe de Intervención CV 15/2017 do orzamento vixente.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente nº **01/CE/2017** de crédito extraordinario financiado con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente por importe de **222.357,09€**, para atender os gastos derivados dos seguintes Proxectos:

APLICACIÓN	Nº OBRA	Denominación	IMPORTE	IMPORTE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE DO CAMBIO DE FINALIDADE
453-62500	X/2017	SUBMINISTRO MOBILIARIO URBANO	20.825,57	20.825,57	20.825,57
334-62300	X/2017	SUBM.MATERIAL INVENTARIABLE CASAS DE CULTURA	16.477,20	16.477,20	16.477,20
171-62300	X/2017	SUBMINISTRO ÁREAS DE XOGO PARQUES MUNICIPAIS	38.000,00	38.000,00	38.000,00
231-62200	X/2017	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	55.000,00	55.000,00	55.000,00
170-63200	X/2017	OBRAS ACOND. PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	60.000,00	60.000,00	60.000,00
311-62300	X/2017	SUBM. VEHÍCULO RECOLLIDA ANIMAIS	10.000,00	10.000,00	10.000,00
3261-62500	X/2017	SUBM. MOBILIARIO CONSERVATORIO	2.040,00	2.040,00	2.040,00
3261-62600	X/2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS CONSERVATORIO	1.020,00	1.020,00	1.020,00
3261-62300	X/2017	SUBM. INSTRUMENTOS E EQUIPO DE SONIDO ESCOLA DE MÚSICA	2.720,00	2.720,00	2.720,00



3261-62600	X/2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS ESCOLA DE MÚSICA	1.700,00	1.700,00	1.700,00
4591-62300	X/2017	SUBM. EQUIPAMENTO VARIO PRAIAS	3.740,00	3.740,00	3.740,00
9201-62300	X/2017	SUBM. TELEFONOS FIXOS ADMON. XERAL	4.080,00	4.080,00	4.080,00
9201-62600	X/2017	SUBM.PANTALLAS ADMON. XERAL	6.754,32	6.754,32	6.754,32
TOTAIS			222.357,09	222.357,09	222.357,09

Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 son as baixas de créditos de gastos das aplicacións do orzamento vixente correspondentes aos proxectos de gasto con modificación do seu financiamento, é dicir, ós que se cambia a finalidade do financiamento afectado procedente de diversos préstamo concertados pola Entidade nos exercicios 2008, 2015 e 2016, producíndose baixas polos importes e nas aplicacións indicadas no Anexo I do informe de Intervención CV 15/2017.

TERCEIRO: O financiamento do expediente de modificación de créditos procede de anulacións ou baixas de créditos das aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, das que a súa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, implicando a presente modificación o desestamento expreso para os proxectos afectados nos que se contabilizaran as baixas propostas.

CUARTO: Modificar o Anexo de Investimentos, que deberá incorporar a seguinte distribución de financiamento nos novos proxectos que de seguido se indican:

GASTO					FINANCIAMENTO			
APLICACIÓN	Nº OBRA	EXER.	Denominación	IMPORTE	FINALIDADE QUE SE MODIFICA	DESCRIPCION	RLTGFA	APLICACIÓN
453-62500	X/2017	2017	SUBMINISTRO MOBILIARIO URBANO	20.825,57	OBRA 2008/5 AROUSA XXI, 4311-640	VARIOS PROYECTOS CERRADOS	3.000,00	87010
					ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	17.825,57	87010
							20.825,57	
334-62300	X/2017	2017	SUBM.MATERIAL INVENTARIABLE CASAS DE CULTURA	16.477,20	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	16.477,20	87010
							16.477,20	
171-62300	X/2017	2017	SUBMINISTRO ÁREAS DE XOGO PARQUES MUNICIPAIS	38.000,00	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	38.000,00	87010
							38.000,00	
231-62200	X/2017	2017	OBRAS ACCESIBILIDADE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS	55.000,00	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	55.000,00	87010
							55.000,00	
170-62200	X/2017	2017	OBRAS ACOND.PUNTO LIMPIO PINAR DO REY	60.000,00	ADQUISICIÓN TERREOS FONTECARMOA	PRÉSTAMO BBVA 2015	22.697,23	87010
					PARQUES BIOSALUDABLES	PRÉSTAMO BBVA 2015	1.671,28	87010
					ADQUISICION TERREOS PARA CAMPO DE FUTBOL DE BAMIO	VARIOS PROYECTOS CERRADOS	3.844,80	87010
					APP-WEB	Préstamo Bco. Sabadell 2016	6.889,71	91300



					ELECTRÓNICA DE RED	Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.292,09	91300
					SUBMINISTROS SOFTWARE 2016	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.004,81	91300
					SUBMINISTROS HARDWARE 2016	Préstamo Bco. Sabadell 2016	609,17	91300
					APLICACIÓN RECADACIÓN	Préstamo Bco. Sabadell 2016	15.000,00	91300
					ADQUISICIÓN MOBILIARIO CONSERVATORIO	Préstamo Bco. Sabadell 2016	144,40	91300
					PARKING AUTOCARAVANAS	Préstamo Bco. Sabadell 2016	3.000,00	91300
					MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.846,51	91300
							60.000,00	
311-62400	X/2017	2017	SUBM. VEHICULO RECOLLIDA ANIMAIS	10.000,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	10.000,00	91300
							10.000,00	
3261-62500	X/2017	2017	SUBM. MOBILIARIO CONSERVATORIO	2.040,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.040,00	91300
							2.040,00	
3261-62600	X/2017	2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS CONSERVATORIO	1.020,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.020,00	91300
							1.020,00	
3261-62300	X/2017	2017	SUBM. INSTRUMENTOS E EQUIPO DE SONIDO ESCOLA DE MÚSICA	2.720,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	2.720,00	91300
							2.720,00	
3261-62600	X/2017	2017	SUBM. EQUIPOS INFORMÁTICOS ESCOLA DE MÚSICA	1.700,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	1.700,00	91300
							1.700,00	
4591-62300	X/2017	2017	SUBM. EQUIPAMENTO VARIO PRAIAS	3.740,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	3.740,00	91300
							3.740,00	
9201-62300	X/2017	2017	SUBM. TELEFONOS FIXOS ADMON. XERAL	4.080,00	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	4.080,00	91300
							4.080,00	
9201-62600	X/2017	2017	SUBM.PANTALLAS ADMON. XERAL	6.754,32	MELLORA DE ACCESOS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS II	Préstamo Bco. Sabadell 2016	6.754,32	91300
							6.754,32	
				222.357,09			222.357,09	

SEXTO: Expoñer ao público os seguintes expedientes: **Nº01/CF/2017** de modificación de finalidades dos préstamo afectos aos proxectos relacionados aos que se lle cambia a finalidade coa conseguinte modificación do Anexo de Investimentos; Expediente **Nº01/CE/2017** de créditos



extraordinarios financiados con baixas de créditos de gastos doutras aplicacións do orzamento vixente, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. Os expedientes se considerarán definitivamente aprobados se durante o citado prazo non se houberen presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Dada a urxencia que revisten as actuacións que pretenden acometerse coas seguintes modificacións orzamentarias, especialmente no referente ao acondicionamento do Punto Limpo Pinar do Rey á vista dos requirimentos realizados pola Xunta de Galicia, farase uso da excepción prevista na base N°10 das BEO 2016 prorrogadas ao exercicio 2017, de forma que *transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións*, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos

SÉTIMO: Unha vez aprobado definitivamente os expedientes sinalados no punto anterior, serán insertados e resumidos por capítulos no BOP. Así mesmo, se remitirá copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO E DA FPSDM PARA O EXERCICIO DE 2017, ANEXO DE INVESTIMENTOS, OPERACIÓN DE CRÉDITO QUE O FINANCIA E TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO. ASI COMO O CADRO DE PERSOAL, RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. ECONOMÍA, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta da memoria da Alcaldía, do teor literal seguinte:

MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2017

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o Proxecto do Orzamento Xeral, a aprobación do teito de gasto non financeiro e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2017 cun importe consolidado que ascende a **27.056.229,94 euros**, no Estado de Ingresos, e **27.056.229,94 euros**, no Estado de Gastos, cun superávit por tanto de 0 euros, acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior.

A elaboración dun Orzamento constitúe un dos actos de goberno máis transcendentales do exercicio, que debe realizarse nun marco de estabilidade orzamentaria, sostibilidade financeira e crecemento económico controlado, obxectivos fiscais coherentes coa normativa europea.

A normativa imperante na materia recollida na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Orzamentaria 2/2012, de 27 de abril, a cal supuxo un cambio radical na elaboración, aprobación e execución dos orzamentos, así como dos demais actos que afecten en materia de gastos e ingresos, consagra uns principios básicos de sostibilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia, responsabilidade, eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos e de lealdade institucional.

O orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa para o exercicio 2017 trata de recoller a aplicación práctica de todos estes principios, sentando as premisas para a execución orzamentaria municipal ao tempo que se configura como instrumento fundamental que permite realizar un seguimento exhaustivo do grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade, regra do gasto e límite de débeda, unha labor de fiscalización continúa que permite diagnosticar a tempo posibles desviacións e, de ser preciso, a adopción das medidas correctoras que procedan; un orzamento no que se fan confluír os compromisos adquiridos a través do Plan de Axuste cunhas previsións de gasto e ingresos coherentes co contexto socio-económico de cada



exercicio, non podendo obviar ningunha destas dous premisas, pois plasmar directamente os compromisos do Plan de Axuste sen ter en conta as previsións da situación económica do Concello para cada ciclo económico baseadas en datos actualizados e reais, daría lugar a un orzamento carente de fundamento e alleo a súa propia natureza, que vén delimitada pola súa definición legal, pois aínda que podan existir documentos que condicionen a toma de decisións, non debemos esquecer que o Orzamento é por definición, a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e os dereitos que prevean liquidar durante o correspondente exercicio.

Polo tanto, a aprobación do Plan de Saneamento Económico financeiro, primeiro, e do Plan de Axuste, despois, non foi máis que a antesala do que con carácter permanente ía instaurarse como obriga na programación e execución orzamentaria do conxunto das Administracións públicas, que a súa vez debe de encardinarse no marco orzamentario a medio prazo establecido e nas liñas fundamentais aprobadas previamente para cada exercicio económico.

O orzamento deberá recoller, na medida do posible, as previsións consignadas no Plan, converténdose en dous instrumentos de execución mancomunada, sendo o Plan o punto de partida orientativo en canto ós obxectivos a cumprir nos prazos comprometidos ante o Ministerio, e o orzamento a adaptación e aplicación práctica segundo a realidade de cada exercicio económico das previsións nel recollidas, permitindo unha relación dinámica e flexible sempre dentro dos límites legais establecidos, como non podía ser doutra forma, tendo en conta a natureza dos ciclos económicos e financeiros. Unha consideración coactiva do Plan traducida nuns orzamentos illados e estáticos sería contraria os principios expostos.

Unha primeira valoración do documento elaborado para o exercicio 2017 refírese ao contido material do proxecto de Orzamento, debéndose efectuar as consideracións que seguidamente se expresan.

Hoxe presentamos un documento de alto compromiso social que segue tendo por obxectivo a consecución da estabilidade presupostaria, buscando incrementar a eficiencia dos ingresos e os gastos, prestando especial atención ás axudas ao emprego, benestar social, protección do medio ambiente, fomento do deporte e da cultura, sen esquecer o mantemento e mellora das nosas infraestructuras co fin de poder ofrecer uns servizos de calidade; que a súa vez trata de ir recuperando paulatinamente a acción social a favor do persoal municipal que dende o 2012 viuse sometido a numerosas medidas de redución do gasto.

Polo tanto, na confección dos presentes orzamentos tiveron que terse en conta os compromisos adquiridos co Plan de Axuste, tentando alcanzar unha solución intermedia satisfactoria, para superar as ratios negativas no prazo comprometido co Ministerio, ó tempo que se tratan de paliar os efectos negativos que puidesen afectar ós sectores máis desfavorecidos da sociedade.

Segue resultando preciso e obrigado aprobar un Orzamento para o exercicio 2017 adaptado á realidade socio-económica, prudente no gasto e realista nos ingresos, dentro dos compromisos do Plan de Axuste que se presenta conxuntamente co Orzamento dentro dun marco orzamentario e medio prazo de tres anos (2017-2019) e coherente coas liñas orzamentarias fundamentais, dando cumprimento ao disposto no artigo 29 da LOEOSF 20/2012.

Os orzamentos que se presentan para a súa aprobación se confeccionaron tendo en conta os seguintes fundamentos:

- A liquidación do exercicio 2015.
- As previsións da liquidación do exercicio 2016.
- Os compromisos de achegas doutras administracións públicas, institucións e empresas.
- A valoración do cadro de persoal.
- Os compromisos adquiridos con terceiros, derivados de contratos, convenios, pactos ou acordos, incluídos os de carácter plurianual.
- A cuantificación das necesidades de bens correntes e servizos.
- A valoración da débeda municipal e xuros (carga financeira para o exercicio 2017).
- A regra de gasto para o 2017.
- O teito de gasto non financeiro para 2017.



Os orzamentos municipais para o exercicio 2017 preséntanse equilibrados neste quinto exercicio no que se enmarca o Plan de Saneamento Económico- financeiro aprobado polo Pleno de 27 de febreiro de 2012, e posteriormente integrado no Plan de Axuste confeccionado ao abeiro do artigo 7 RD Lei 4/2012 , de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago ós provedores das entidades locais, non presentándose con superávit inicial tal e como se prevía no Plan debido que a liquidación do exercicio 2015 amosou un Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais axustado positivo, non entrando en xogo polo tanto as esixencias establecidas no artigo 193 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais 2/2004.

Asemade cúmprese co principio de non afectación de Ingresos e Gastos, salvo nos casos previstos na Lei.

Os Orzamentos consolidados do Concello e da Fundación Pública de Servizos deportivos municipais ascenden á contía de 27.056.229,94€ :

RESUMO XERAL_ ORZAMENTO CONSOLIDADO / 2016						
ORZAMENTO ECONÓMICO DE GASTOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		CI	CI	CI		
	A)OPERACION CORRENTES	23.237.704,22	1.096.795,00	24.334.499,22	1.022.000,00	23.312.499,22
1	Gastos de persoal	10.003.200,35	504.625,00	10.507.825,35	0	10.507.825,35
2	Gastos bens correntes	10.229.511,25	472.120,00	10.701.631,25	0	10.701.631,25
3	Gastos financeiros	141.240,98	50,00	141.290,98	0	141.290,98
4	Transferencias correntes	2.748.843,86	120.000,00	2.868.843,86	1.022.000,00	1.846.843,86
5	Fondo continxencia	114.907,78	0,00	114.907,78		114.907,78
	B)OPERACIONES DE CAPITAL	1.731.029,21	10.000,00	1.741.029,21	0,00	1.741.029,21
6	Inversións reais	1.682.029,21	10.000,00	1.692.029,21	0	1.692.029,21
7	Transferencias de capital	49.000,00	0,00	49.000,00	0	49.000,00
	C)OPERACIONES FINANCIERAS	2.002.701,51	0,00	2.002.701,51	0,00	2.002.701,51
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.852.701,51	0,00	1.852.701,51	0	1.852.701,51
	TOTAL	26.971.434,94	1.106.795,00	28.078.229,94	1.022.000,00	27.056.229,94
ORZAMENTO ECONÓMICO DE INGRESOS						
CAP	DENOMINACION	ENTIDADE LOCAL	O.O.A.A.	TOTAL	ELIMINACIONS	ORZAMENTO CONSOLIDADO
		PI	PI	PI		
	A)OPERACION CORRENTES	25.518.014,54	1.106.795,00	26.624.809,54	1.022.000,00	25.602.809,54
1	Impostos directos	9.655.268,01	0,00	9.655.268,01	0,00	9.655.268,01
2	Impostos indirectos	383.591,24	0,00	383.591,24	0,00	383.591,24
3	Taxas, Prezos Públicos e outros ingresos.	5.882.343,45	54.010,00	5.936.353,45	0,00	5.936.353,45
4	Transferencias correntes	9.584.460,72	1.043.000,00	10.627.460,72	1.022.000,00	9.605.460,72
5	Ingresos patrimoniais	12.351,12	9.785,00	22.136,12	0,00	22.136,12
	B)OPERACIONES DE CAPITAL	53.420,40	0,00	53.420,40	0,00	53.420,40
6	Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	53.420,40	0,00	53.420,40	0,00	53.420,40
	C)OPERACIONES FINANCIERAS	1.400.000,00	0,00	1.400.000,00	0,00	1.400.000,00
8	Activos financeiros	150.000,00	0,00	150.000,00	0,00	150.000,00
9	Pasivos financeiros	1.250.000,00	0,00	1.250.000,00	0,00	1.250.000,00



TOTAL	26.971.434,94	1.106.795,00	28.078.229,94	1.022.000,00	27.056.229,94
-------	---------------	--------------	---------------	--------------	---------------

A) ESTADO DE GASTOS:

CAPITULO	GASTOS			
	2016	2017	DIFERENZA	PORCENTAJE
Gastos de Persoal	10.003.200,35	10.003.200,35	0,00	0,00%
Gastos en bens correntes e servizos	10.225.409,73	10.229.511,25	4.101,52	0,04%
Gastos financeiros	256.603,28	141.240,98	-115.362,30	-44,96%
Transferencias correntes	2.423.106,68	2.748.843,86	325.737,18	13,44%
Fondo de continxencia	113.258,58	114.907,78	1.649,19	1,46%
GASTOS CORRIENTES	23.021.578,62	23.237.704,22	216.125,59	0,94%
Inversións reais	877.359,78	1.682.029,21	804.669,43	91,71%
Transferencias de capital	52.000,00	49.000,00	-3.000,00	-5,77%
GASTOS CAPITAL	929.359,78	1.731.029,21	801.669,43	86,26%
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%
Pasivos financeiros	2.182.764,19	1.852.701,51	-330.062,68	-15,12%
TOTAL	26.283.702,59	26.971.434,94	687.732,34	2,62%

O Orzamento de gastos do Concello para o exercicio 2017 aumenta un 2.62%% con respecto ao Orzamento de gastos do exercicio 2016, debido fundamentalmente aos capítulo 6 e 4 de gastos. Os créditos iniciais do 2016 por importe de **26.283.702,59 euros €** aumentan en **687.732,34 euros**, resultando un orzamento de gastos que ascende a **26.971.434,94€**.

CAPÍTULO I-GASTOS DE PERSOAL:

Dentro das previsións do Plan de Axuste entendido como un marco plurianual e dinámico, e dentro do marco da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 2016 prorrogada ao exercicio 2017, o gasto de persoal mantense idéntico, sen prexuízo da reorganización de postos de traballo en diferentes servizos segundo se reflicte no organigrama e relación de postos de traballo que se adxunta como Anexo a esta memoria.

As principais medidas adoptadas son as seguintes:

1.- APORTACIÓN PLAN DE PENSIONES

Considerando o disposto no artigo 19 .3 da Lei 48/2015 de 29 de outubro propónse a recuperación parcial da achega municipal ao Plan de Pensión previsto no vixente Acordo Marco e Convenio Colectivo, e que representa o 50% do importe previsto en ditas normas convencionais e que foi aplicando no ano 2011 (401,40€ por traballador e ano), e coa intención da plena recuperación progresiva segundo as posibilidades orzamentarias en vindeiras anualidades.

2.- ELABORACIÓN DUNHA NOVA RPT E VALORACIÓN DE POSTOS

O Concello de Vilagarcía de Arousa ten actualmente aprobado o Cadro de Persoal (Plantilla) e Anexo de Relación de Postos de Traballo (RPT), como instrumento técnico de estruturación da organización do persoal, instrumentos que se tramitan anualmente xunto có orzamento municipal, e dita RPT foi publicada no BOP de Pontevedra nº 45, do 7 de marzo de 2016: Estando axustada no seu contido ao previsto no artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, e artigo 38 da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego Público de Galicia, tendo a todos os efectos a natureza xurídica dunha RPT segundo o Auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia num. 66/2016 de data 30 de marzo de 2016.

A actual asignación de retribucións complementarias (Complemento de Destino e Complemento Específico ou análogas de postos de persoal laboral) se corresponden có Anexo III do Acordo Marco para o Persoal Funcionario asinado en febreiro de 2001 entre a representación sindical e do Concello de Vilagarcía, previo o oportuno procedemento de negociación sindical na Mesa Xeral de negociación constituída ao efecto e que posteriormente foi aprobado polo Pleno do



Concello de Vilagarcía de Arousa en sesión de data 26 abril de 2001, e con data de efectos de 1 de xaneiro de 2001. (Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra nº 175 de fecha martes 11/9/2001), coas modificacións retributivas posteriores legalmente de aplicación.

A Disposición Adicional quinta do III Acordo Marco para o persoal funcionario vixente establece: “Durante os anos 2001 e 2002, levaranse a cabo os traballos de elaboración dunha nova Relación de Postos de Traballo, co correspondente Catálogo de Postos e valoración dos mesmos”.

O art. 69 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TREBEP) establece que a planificación dos recursos humanos nas administracións públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade.

Asemade resulta necesario completar a Relación de Postos de Traballo existente cun Catálogo de Postos de Traballo no que se describan de forma pormenorizada o contido de funcións e tarefas de cada posto, clarificando a distribución e asignación das mesmas na estrutura organizativa do Concello de Vilagarcía o que permitirá a optimización e uso eficiente dos recursos dispoñibles para o desenvolvemento dos traballos e programas públicos asignados aos diferentes servizos e áreas municipais.

A relación de postos de traballo (RPT) é un instrumento de ordenación central para garantir a seguridade xurídica e dar cumprimento ao previsto no vixente III Acordo Marco, faise preciso realizar un traballo certamente especializado e nun curto espazo de tempo, o que non pode afrontar o Concello con medios propios, polo que se plantea a necesidade de contratar os servizos dunha empresa externa que leve a cabo esta tarefa de elaboración dunha nova Relación de Postos de Traballo (RPT), Catálogo de postos e posterior valoración de postos de traballo.

3.- OFERTA EMPREGO PÚBLICO (OEP) 2017

Considerando o disposto na Lei 48/2015 de 29 de outubro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 no relativo a taxa de reposición de efectivos e condicionada en todo caso ao que resulte da normativa orzamentaria de aplicación, propónse habilitar a seguinte Oferta de Emprego Público 2017:

-3 prazas encadradas na escala de Administración Especial, subescala servizos especiais, clase policía local (escala básica, categoría policía), subgrupo C1.

Considerando o disposto na lexislación de aplicación exposta, e na procura do mantemento dos servizos públicos esenciais, así como na consecución da eficacia e eficiencia na prestación dos mesmos, con atención á realidade económica e á evolución inmediata da mesma, procedeuse á elaboración do Cadro de Persoal do Concello, coa súa distinta clasificación e dotación numérica, e a Relación de Postos de Traballo por áreas cos seus respectivos códigos e facendo referencia ao destino, código do mesmo, códigos postos de traballo, denominación posto, dotación, niveis, tipo de posto, forma de provisión, titulación, situación, formación, etc... conforme modelo da Resolución de 20 de xaneiro 1989 das Secretarías de Estado e Facenda e Administracións Públicas.

A Lei 2/2011 de 4 de marzo, de Economía Sostible, establece que para garantir a sostibilidade orzamentaria, as Administracións Públicas aplicarán unha política de racionalización e contención do gasto e se adecuarán aos principios de estabilidade orzamentaria, transparencia, plurianualidade e eficacia, nos termos definidos na normativa de estabilidade orzamentaria.

A Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Orzamentaria 20/2012, impón no seu artigo 7:

“ Las políticas de gasto público deberán encuadrarse en un marco de planificación plurianual y de programación y presupuestación, atendiendo a la situación económica, a los objetivos de política económica y al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.



2. La gestión de los recursos públicos estará orientada por la eficacia, la eficiencia, la economía y la calidad, a cuyo fin se aplicarán políticas de racionalización del gasto y de mejora de la gestión del sector público.

3. Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.”

O Concello de Vilagarcía de Arousa mellorou as previsións do calendario fixado no Plan de Axuste, en consonancia o presente proxecto de orzamento, que corresponde ao sexto exercicio comprendido no plan de Axuste, mantén a aposta por asumir o groso dos investimentos con cargo recursos afectados procedentes do endebedamento financeiro e de transferencias finalistas e dedicar os recursos propios a reforzar a prestación dos servizos públicos e a actividade de fomento tanto nas liñas preexistentes como en novos ámbitos de actuación, pero dentro de parámetros de prudencia.

A pesar de que segue a ser moi representativo no conxunto do orzamento, **(38,06%)**, este equipo de goberno continuará na liña de optimizar os recursos públicos combinando con medidas de contención como é o control das horas extra etc.

Visto o cadro de persoal existente no Concello, as asignacións ós distintos servizos, e os cometidos do persoal, procedeuse á confección da relación de postos de traballo, do que resulta:

Funcionarios de carreira 222

Persoal laboral 80

Persoal eventual 3

O total do cadro de persoal ascende a 305 prazas. Non se contempla na cifra anterior o persoal que presta servizos ao Concello con carácter temporal en diferentes programas subvencionados por outras administracións.

Na presente proposta non se reflicte incremento algún das retribucións do persoal para o ano 2017 a excepción das derivadas da propia actualización dos trienios que en modo algún computan a efectos da masa salarial.

Os créditos para gastos de persoal para o exercicio 2017 se desglosan do seguinte xeito:

RESUMO CAPITULO I	IMPORTE
1.- RETRIBUCIÓN BÁSICAS E COMPLEMENTARIAS TODO PERSOAL	6.973.810,72
2.- SEGURIDADE SOCIAL TOTAL	2.262.524,96
3.- NOCTURNIDADE/DOMINGOS/FESTIVOS/NADAL	122.300,00
4.- FORMACIÓN	10.000,00
5.- SERVIZOS EXTRAORDIARIOS FUNCIONARIOS	45.500,00
6.- GRATIFICACIONES FIXAS FUNCIONARIOS	24.636,12
7.- GRATIFICACIONES FIXAS LABORAIS	13.342,56
8.- PLAN PENSIÓN	60.464,88
9.- AXUDAS O PERSOAL	10.000,00
10-HORAS EXTRA LABORAIS	9.899,81
11-DOMINGOS LABORAIS	4.000,00
12-PERSOAL NON ESTRUCTURAL	454.519,42
13.-OUTRAS REMUNERACIONES OBRADOIROS EMPREGO	7.201,88



14.- SEGURO	5.000,00
TOTAL	10.003.200,35

O total de retribucións se desglosa en:

- **6.973.810,72 euros:** Se corresponden aos postos/prazas que forman parte da plantilla e aparecen valorados no cadro de persoal do Orzamento correspondente ao exercicio 2017, de acordo cos datos remitidos polo Departamento de Persoal. Se trata de 305 postos de traballo. Todos os postos que se prevé que queden vacantes por xubilación, aparecen valorados para o exercicio completo, (os salarios dos funcionarios, persoal laboral e persoal eventual da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, que se imputará con cargo ao capítulo 1 de gastos deste Organismo Autónomo, se trata de prazas/postos de traballo que, se ben forman parte do cadro de persoal do Concello e aparecen valorados por formar parte da plantilla, non se presupostan no capítulo I do Orzamento do Concello senón no Orzamento da FPSDM, ascendendo a 348.954,45€).
- 454.519,42€: Se corresponden aos postos/prazas do persoal non estrutural que non aparece valorada na plantilla; dentro deste persoal son conceptos a destacar os seguintes:
 - o Retribucións dos órganos de goberno (912-100), por importe de 183.394,54 euros.
 - o Retribucións dos auxiliares da policía local (132-131) a contratar tódolos anos polo Concello por importe de 56.477,26 euros.
 - o Achegas municipais correspondente á contratación do Programa de Cooperación, Plan emprego Deputación e Plan Integración Risga (241-131), por importe global de 54.200,00 euros.
 - o Retribucións correspondentes á bolsa de auxiliares administrativos nas aplicacións 920-1200001 e 931-1200001 e as súas divisionarias para complementarias, por importe de 50.167,56€ e 19.407,93 € respectivamente.
 - o Retribucións correspondentes ó persoal temporal da Escola de música (3262-1200001 e as súas divisionarias para complementarias) e Conservatorio (3261-1200001 e as súas divisionarias para complementarias) por importe de 16.520,26€ e 74.351,87 €
- 226.880,37€: Se corresponden con gratificacións, e créditos para servizos extraordinarios tanto do persoal laboral como funcionario, así como achegas para os obradoiros de emprego.

IMPORTE	CONCEPTO	DESCRIPCIÓN	
45.500,00 €	151	HORAS EXTRA FUNCIONARIOS	
24.636,12 €	1210305	GRATIFICACIÓNS	
9.899,81 €	13001	HORAS EXTRA LABORAL	
11.500,00 €	1210301	DOMINGOS FUNC	
22.000,00 €	1210302	NOCTURNIDAD FUNC	
88.800,00 €	152/1521	FESTIVOS	
4.000,00 €	1300201	DOMINGOS LABORAL FIJO	
13.342,56 €	1300205	OUTRAS GRATIF LABORAL FIJO	
7.201,88 €	2412-131	ACHEGAS OBRADOIROS	
226.880,37 €			

O total de seguridade social do Concello, (sen engadir a Fundación de Deportes, que ascendería a 118.033,80€), ascende a **2.262.524,96€** co seguinte desglose:

- **2.385.230,84 euros** correspondentes á seguridade social dos postos/prazas que forman parte da plantilla e aparecen valorados no cadro de persoal do Orzamento correspondente ao exercicio 2017, de acordo cos datos remitidos polo Departamento de Persoal.
- 137.243,57€: Se corresponden aos postos/prazas do persoal non estrutural que non aparece valorada na plantilla.
 - 10.000,00€ para plan formación persoal.
 - 60.464,88€ para achega Plan de Pensións.
 - 10.000,00€ para axudas o persoal.



- 5.000,00€ para o seguro do persoal municipal. En relación á organización da plantilla e á súa valoración como xa se adiantou, somos conscientes da urxencia de levar a cabo a nova valoración da Relación de Postos de Traballo, xa que dito propósito serviu de base para que no exercicio 2008 polo Pleno da corporación se aprobase o denominado “anticipo especial de nómina de carácter transitorio”, cun importe inicial de 300.000,€ prorrogado ata a finalización do proceso e en todo caso ata o 31 de decembro de 2009, se ben dende entón o Pleno da corporación con ocasión da aprobación dos orzamentos de cada exercicio económico ven prestando aprobación a este concepto retributivo que para o 2016 ascende a contía de 273.253,79 euros, de aí que en base a dita estimación se consigne dende entón baixo a denominación de “ANTICIPO A CONTA RPT” en conceptos de gasto de desglose propio (1210304 e 1300204) crédito por dito importe.

Na data de confección do presente proxecto de orzamento debe destacarse a labor deste equipo de goberno en canto a retomar ditas labores de actualización da RPT, téndose iniciado o proceso de licitación desa nova valoración da RPT, que deberá permitir regularizar a situación de xeito que as contías que correspondan en cada caso pasen a integrarse no concepto económico de retribucións complementarias (complemento específico), pois o importe consignado actualmente non deixa de ser unha estimación e a súa aplicación individualizada froito de acordo coa mesa de negociación.

Unha nova valoración da RPT é necesaria para poder valorar as diferentes gratificacións concedidas aos funcionarios por desempeñar tarefas correspondentes a postos de traballo de superior categoría e outras gratificacións e complementos que deberían estar valorados e formar parte do complemento específico.

Incrementábase en 40.000,00€ a bolsa xenérica no grupo de programa 920 para facer fronte ós posibles custos de nomeamentos de funcionarios interinos para cubrir necesidades urxentes e inaplazables de persoal por acumulación de tarefas, baixas do persoal, necesidades de reforzo en determinados servizos, mentres que a dotada na área de política económica e fiscal, (931) mantense dado o volume de traballo derivado do cumprimento das obrigas de subministro de información reguladas na Orde HAP/2105/2012:

En todo caso, ditos nomeamentos deberán axustarse ao disposto no artigo 20.2 da LOXE 2016:

“(...)Dos. Durante el año 2016 no se procederá a la contratación de personal temporal, ni al nombramiento de personal estatutario temporal o de funcionarios interinos salvo en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables que se restringirán a los sectores, funciones y categorías profesionales que se consideren prioritarios o que afecten al funcionamiento de los servicios públicos esenciales(...)”

Continúase coa dotación para achegas municipais a Plans de Emprego para as contratacións laborais e/ou nomeamentos de funcionarios interinos realizadas ao amparo de programas de fomento do emprego, formación, e/ou práctica profesional ou similar natureza promovidos por: Deputación Provincial, Xunta de Galicia ou outras administracións.

En relación ó persoal nomeado/contratado dentro destes plans de emprego, o complemento de destino (funcionarios) ou complemento (laborais) se lle asignará o máis baixo correspondente a cada Grupo segundo a normativa de aplicación, e non procederá a asignación de complemento específico (funcionarios) ou incentivo (laborais), agás para o caso do Plan de emprego para socorristas, que será complementado con 2.500,00€ anuais.

Por outra banda, esta Alcaldía e os concelleiros con dedicación exclusiva percibirán as mesmas retribucións que as aprobadas no pleno organizativo do exercicio 2015, as cales experimentaron unha redución respecto das vixentes para a anterior lexislatura.

Este capítulo, con respecto ao Orzamento do 2016, segue situándose por debaixo do 40% e seguirase na liña de minorar a súa representatividade no total do orzamento mediante medidas estruturais tendentes á optimización dos recursos e redución das horas extras.

Somos conscientes de que neste presuposto non se acometen as medidas de redución do gasto en materia de persoal previstas no Plan de Axuste por importe de 126.000 euros, o que non impide prever que o orzamento sexa finalmente liquidado dentro dos obxectivos



fiscais da regra de gasto, estabilidade e sustentabilidade financeira, todo isto grazas ao resto de medidas recollidas. Deste xeito, cúmprese igualmente co Plan de Axuste, á vez que se dispón dos medios en materia de persoal necesarios para a axeitada prestación dos servizos á cidadanía.

CAPÍTULO II- GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

En termos comparativos, se produce un aumento de gastos correntes nun 0,04% con respecto ao Orzamento do exercicio 2016, pasando a representar un 0,98% menos sobre o total do orzamento de gastos que no orzamento do 2016.

Os gastos recollidos neste capítulo inclúen os diferentes contratos (renting vehículos, seguros, gastos reparación de vehículos, servizo de limpeza viaria, recollida e tratamento de lixo, mantemento de dominios web, inspección de tributos locais...).

As reducións operadas neste capítulo no exercicio precedente mediante medidas tales como licitacións de contratos, medidas de eficiencia enerxética tanto no alumeadado público como nas instalacións municipais, etc, xunto con novas licitacións que se contemplan para o actual exercicio, (ata o de agora coa fórmula do contrato menor), permite que no proxecto de orzamento 2017 novamente se poida dar cobertura a gastos excepcionais tales como revisións de prezos de contratos de xestión de servizos (divisionaria 77), como continuar na liña de potenciación do gasto social que volve a incrementarse nun 4,04%, acometer un aumento noutros programas como son actuacións urbanísticas, fomento do emprego, protección do medio ambiente (este último aumentando nun 63,54%), emerxencias, turismo, praias, cultura, deporte etc, aumentar o crédito para liñas de actuación iniciadas no exercicio 2016 tales como mobilidade cidadá, reforzar as asistencias técnicas e incluso dotar crédito para novas liñas de actuación como “Publicacións” no programa de Comunicación, ou “Actuacións en cumprimento da Lei e Memoria Histórica” no programa de Cultura, e asumindo gasto en novos programas como protección contra a contaminación acústica, protección do patrimonio histórico-artístico, sociedade da información e investigación e estudos relacionados cos servizos públicos.

Todo iso sen prexuízo de moitas outras licitacións que quedan pendentes tales como teléfono, combustibles e carburantes,.....etc

Así mesmo, inclúense neste capítulo os gastos derivados de reparacións, mantemento e arranxos nos bens de titularidade municipal, así como mantementos de equipos, ou a adxudicación de asistencias técnicas como son a xurídica e de enxeñería no programa de Oficina Técnica.

Se dota no capítulo 2 de gastos o mantemento e funcionamento das instalacións da Galescola de Carril (Galiña azul), ao abeiro do Convenio asinado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Se consigna crédito por importe de 123.000,00 euros, así como o crédito necesario para facer fronte ao potencial fraccionamento que deberá ser solicitado para a débeda correspondente ao período 2013-2014,(33.618,69€).

Destacar no concepto **22706 e 22799** a dotación de **125.000,00€** en conxunto para asistencias técnicas, así como para facer fronte á anualidade 2017 do contrato de servizos para a modificación da RPT.

Na aplicación **929-22699** consígnanse crédito por importe de **56.599,87€** á vista do gasto realizado no 2016 para facer fronte a gastos por expedientes de responsabilidade patrimonial e execucións xudiciais, o que permite levar un control deste tipo de gasto máis exhaustivo ao tempo que evita que este tipo de expedientes consuman o crédito consignado para o mantemento dos servizos municipais básicos.

CAPÍTULO III. –GASTOS FINANCEIROS

Recole os xuros e demais gastos derivados de todo tipo de operacións financeiras contraídas pola Entidade, así como os gastos de emisión, formalización e cancelación das mesmas. Para o cálculo dos xuros, estableceuse un criterio de prudencia ó considerar un tipo fixo do 1% para todos os casos a excepción dos préstamos concertados con tipo fixo.(Estado da Débeda facilitado pola Tesourería Municipal)



Este capítulo vese minorado nun **44,96%** debido tanto ás amortizacións ordinarias e extraordinarias como á operación de refinanciamento de préstamos decidida e executada en 2016.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

Son os créditos destinados a achegas por parte da Entidade Local sen contraprestación directa dos axentes perceptores e con destino a financiar operacións correntes. Nas bases de Execución do ORZAMENTO recóllense as subvencións nominativas correspondentes ó Capítulo 4 de Gasto a conceder durante o exercicio 2017 sendo o importe total de 189.200,00 €.

Esta área experimenta un dos incrementos máis destacados nun 13,44% debido a adopción de diferentes medidas que poñen de relevo o compromiso deste equipo de goberno coa actividade asistencial e de fomento nas áreas máis importantes como son educación, servizos sociais, medio ambiente. Tamén debido á inclusión de compromisos como a dotación dunha partida para axudas ao pago do IBI ás familias con menos recursos.

Así, destaca novamente un maior crédito para axudas de emerxencia de pago único de corrente, (90.000,00€), en resposta ao continuo incremento da demanda, e tamén das axudas de lactancia infantil, á vista do informe do Departamento de Servizos Sociais.

Continuase na liña de fomento do transporte público incrementando a dotación para novos convenios, engadindo ás partidas do Vai Bike e Vai Bus 53.987 euros máis aos 65.000 euros consignados en 2016.

Incrementábase a dotación para a subvención a favor da Asoc. de Voluntarios de Protección Civil en 25.000,00€ así como a dotacións para a subvención corrente da Banda de Música Municipal en 2.500,00€.

Incrementábase en 26.500 euros a dotación para as axudas á escolaridade e becas universitarias á vista da demanda recibida no exercicio 2016.

Tamén se destinan 10.000 euros máis ao programa do Plan Madruga.

Recuperase a liña de subvencións a creadores locais no programa de Cultura cunha dotación de 28.500,00€. Ademais, os recursos globais para Cultura incrementábase en 100.000 euros.

Outra novidade a destacar é a consignación de 70.000,00€ para axudas ás Mancomunidades para labores de mantemento e limpeza dentro do programa de Medio Ambiente.

A aplicación orzamentaria máis significativa é a correspondente achega a realizar ó Organismo Autónomo Fundación de Deportes por importe que incrementábase en 42.000,00€ respecto ó 2016, e en consecuencia suprímense as dotacións para a concesión de subvencións en materia de Deporte e para patrocinios deportivos no orzamento municipal.

Dotase o crédito para as achegas á Mancomunidade do Salnés á vista das derradeiras liquidacións do 2016 e o gasto que supón o combustible que empregan as máquinas que son cedidas puntualmente ao Concello para traballos realizados no termo municipal e que corre a conta do Concello, (943-46300)

Mantense a contía consignada na modalidade de transferencia corrente na aplicación 4311-452 para facer fronte á achega do Concello á fundación FEXDEGA, por importe de 70.000,00€.

Finalmente, destacar novamente o incremento da dotación para o fomento do emprego que se incrementa un 20,00% como consecuencia de incrementar en 20.000,00€ a dotación os Planes de emprego Municipais.

CAPÍTULO V- FONDO DE CONTINXENCIA

A consignación inicial vén determinada legalmente nun **0,5%** da total dos gastos non financeiros (Cap. 1,2 e 4), co fin de atender a necesidades inaprazables de carácter non discrecional para as que non se fixo, en todo ou en parte, a axeitada dotación orzamentaria, dotación que aparecerá consignada na aplicación 929-500.

O funcionamento e natureza deste capítulo e o seu crédito ven regulado na base 30ª das BEO 2017 ás que me remito.

CAPÍTULO VI- INVERSIÓN REAIS



Outro capítulo destacado do presente proxecto de orzamento é o capítulo VI protagonizado polo proxecto “VILAGARCÍA AVANZA” dentro dos fondos FEDER; o seu importe vén determinado pola previsión da concertación dunha nova operación de endebedamento a longo prazo por importe de 1.250.000,00€ que se destinará nun 92,06% (1.150.800,00€) a financiar a achega municipal ós fondos FEDER, e na porcentaxe restante (7,94%), ó financiamento doutros proxectos de gasto por importe de 99.200,00€. Finalmente o montante total do capítulo 6 vén dado por 442.029,21€ e que comprende investimentos financiados con cargo a recursos propios vinculados ao funcionamento ordinario dos servizos e que irán encamiñados a equipamentos e material para a Praza de Abastos, a Policía Local ou o Servizo de Emerxencias, entre outros.

Os créditos orzamentarios para Inversións Reais supoñen o **6,24%** do total do Orzamento, fronte ó 3,34% dos orzamentos municipais correspondentes ao ano 2016. O incremento de 804.669,43€ (91,71%) vén determinada polo maior importe da operación de crédito proxectada, que a súa vez trae causa na obrigada achega municipal do 20% ao proxecto “VILAGARCÍA AVANZA”, que suporá para o Concello de Vilagarcía a obtención dunha subvención de 5 millóns de euros dos fondos DUSI.

Remítome ao anexo de investimentos no referente ás características de cada inversión.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

En relación ás transferencias de capital, se desglosan en 30.000,00€ para axudas de emerxencia para gasto hipoteca que se imputarán na aplicación orzamentaria 231-78001, e que se mantén idéntica respecto ao exercicio anterior; e 7.000,00€ para facer fronte á achega municipal para os gastos de capital da Banda de Música municipal en virtude de do convenio subscrito con dita asociación.

Volve a dotarse a aplicación 943-76300 con 12.000,00€ para facer fronte a potenciais achegas desta natureza á Mancomunidade do Salnés en vista das derradeiras liquidacións presentadas. Representa un **0,18%** sobre o total do orzamento, minorándose nun 0,02% respecto ao 2016.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

En correlación có capítulo 8 de ingresos, recolle ós créditos destinados a concesión de préstamos ó persoal, mantendo o importe do exercicio anterior e representando un **0,57%** sobre o total do orzamento.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Recóllense os gastos que realiza o Concello como consecuencia da amortización de créditos e pasivos financeiros da entidade. A estimación procede dos datos facilitados pola diferentes entidades bancarias e polo Estado da Débeda.

Este capítulo vése minorado respecto o 2016 nun **15,12%** como consecuencia da sucesiva minoración da débeda viva tanto polas amortizacións ordinarias como pola operación de refinanciamento de préstamos aprobada no anterior exercizo en aplicación do superávit obtido na liquidación do exercicio precedente.

Dado que a operación proxectada contaría cun ano de carencia, non se engaden cotas de amortización para a mesma.

B) ESTADO DE INGRESOS:

CAPITULO	INGRESOS			
	2016	2017	DIFERENZA	PORCENTAXE
Impostos directos	9.542.405,81	9.655.268,01	112.862,20	1,18%
Impostos indirectos	320.000,00	383.591,24	63.591,24	19,87%
Taxas e outros ingresos	5.822.440,19	5.882.343,45	59.903,26	1,03%
Transferencias correntes	9.735.278,36	9.584.460,72	-150.817,64	-1,55%
Ingresos patrimoniais	10.157,83	12.351,12	2.193,29	21,59%
INGRESOS CORRENTES	25.430.282,19	25.518.014,54	87.732,35	0,34%
Alleamento de inversións reais	0,00	0,00	0,00	0,00%



Transferencia de capital	53.420,40	53.420,40	0,00	0,00%
INGRESOS CAPITAL	53.420,40	53.420,40	0,00	0,00%
Activos financeiros	150.000,00	150.000,00	0,00	0,00%
Pasivos financeiros	650.000,00	1.250.000,00	600.000,00	100,00%
TOTAL	26.283.702,59	26.971.434,94	687.732,35	2,62%

O Orzamento de ingresos para o exercicio 2017 aumenta un **2,62%** con respecto ao Orzamento de ingresos do exercicio 2016. As previsións iniciais do 2016 aumentan **687.732,35 euros**, de forma que as previsións iniciais para o 2017 son de **26.971.434,94€**.

CAPÍTULO I- IMPOSTOS DIRECTOS

Neste capítulo recóllese os recursos procedentes dos impostos máis importantes que se xeran no municipio. Comprende o Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, representando un **36,31%** do tal do Estado de ingresos. Pese a non ter aumentado a presión fiscal, xa que as taxas e impostos para 2017 conxeláronse con excepción do IBI, cuxo tipo impositivo rebaixouse para 2017, en termos globais os ingresos incrementáronse nun **1,18%** como consecuencia do incremento dos padróns e da revisión da Ponencia de Valores Catastrais. O aumento non obedece á aplicación do incremento comprometido no Plan de Axuste (2%), se non á propia evolución tendencial destes tributos que se tivo en conta polo Departamento de Tesourería para a estimación das PI 2017.

Para elaborar as previsións dos capítulos I a III do estado de ingresos tivéronse en conta os dereitos recoñecidos nos oito/nove primeiros meses do exercicio 2016, segundo o caso, prorrateando dito importe a doce meses. Non obstante, no caso dos tributos exaccionados a través de padrón consideráronse os importes dos padróns do 2016 coas modificacións contempladas nos expedientes de Ordenanzas Fiscais para o 2017 aprobados definitivamente.

O capítulo 1 experimentan un incremento de 112.862,20€ pese a modificación á baixa do tipo do IBI urbana ao 0,55%, debido á subida derivada da propia ponencia de valores e a propia evolución dos impostos que permite paliar dita minoración impositiva.

Non obstante, os principais responsables da subida, ao igual que sucedeu no exercicio 2016, son o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana e o Imposto de Actividades Económicas; o IVTM sofre un destacado aumento do 23,93% respecto o 2016, aparentemente pola propia evolución tendencial da actividade económica constitutiva dos feitos impositivos deste imposto, e pese a que os DRN no mes de outubro presentaban unha execución do 140%, por prudencia tomouse como previsións iniciais para o 2017 unha media aritmética das PI 2016 e os DRN, de este xeito e pese a non ser tido cuantificadas as repercusións financeiras de dita medida, trátase de reflectir o posible efecto das bonificacións aprobadas para este tributo.

Pola súa parte, o Imposto de Actividades Económicas incrementáronse nun 4,34% con respecto ao 2016 froito de conxugar a prudencia coa contabilidade.

Non se prevén ingresos en materia de inspección fiscal en materia de IAE (13002), nin en materia de plusvalías (11601) pese a seguirse coa previsión de retomar as labores de inspección xa que estes conceptos xunto con todos os demais vinculados á inspección fiscal teñen a consideración de ampliables nas BEO.

CAPÍTULO II- IMPOSTOS INDIRECTOS

Este capítulo, baseado exclusivamente no ICIO, incrementáronse nun **19,87%**, ou sexa: 63.591,24€. Tomando como referencia os DRN no mes de outubro, o informe da Xefa de Rendas en funcións relativo a expedientes pendentes de liquidar, así como criterios de prudencia xa que debemos seguir sendo conscientes de que o importe dos DRN neste concepto sempre responderá parcialmente a expedientes concretos liquidados con incidencia puntual no exercicio tomado como referencia que en modo algún poden pasar a adquirir a natureza de estruturais, e non a



unha mellora na actividade económica que permita considerar como estrutural o 100% do incremento.

O principio de realismo que debe dirixir as previsións nun proxecto de orzamento e o carácter altamente incerto dos conceptos de ingreso do capítulo 2, así como a súa natureza vinculada estreitamente á actividade económica, impón unha estimación prudente e restritiva dos mesmos, e calquera desviación relevante apreciada para estes conceptos de ingresos nos informes de seguimento de execución do orzamento deberá dar lugar ás medidas correctivas que sexan precisas en aras da estabilidade orzamentaria, declarando plenariamente non dispoñibles aqueles créditos que se estimen reducibles sen causar perturbación no desenvolvemento dos servizos.

Nas previsións do capítulo 2 en materia de inspección fiscal do ICIO (e consecuentemente na inspección da taxa por licencias urbanísticas (32101), séguese o mesmo criterio que en materia de inspección do IAE, polo que non se orzamenta inicialmente previsións de ingresos por inspección se non que funcionarán como conceptos ampliables en función dos resultados obtidos.

CAPÍTULO III- TAXAS E OUTROS INGRESOS

Para este exercicio 2017 non se acometeu ningunha actualización das taxas e prezos públicos municipais, polo que este capítulo orzamentouse con base no informe da Tesoureira municipal obrante no expediente, e nos casos nos que a contabilidade amosaba previsións máis positivas, procedeuse ao prorrateo dos dereitos recoñecidos brutos nos 8/9 primeiros meses.

Concretamente para o caso das taxa vinculadas aos principais servizos básicos, recollida do lixo, taxa por abastecemento de auga e sumidoiros mantéñense practicamente igual que para o 2016. Os conceptos que experimentan as baixadas máis destacadas son os vinculados ao servizo de tramitacións de licenzas urbanísticas (32100), servizos especiais e transportes (32900), ocupación da vía pública con postos e barracas (33900), o prezo público da Escola de Música, (34200), así como os vinculados á potestade sancionadora da administración (39120). Neste último concepto, concretamente, por prudencia tratouse de ter en conta as repercusións da recente xurisprudencia contraria ós intereses administrativos en materia de multas por infracción de ordenanzas de circulación como consecuencia da suposta falla de homologación do sistema denominado "foto-roxo".

Pese a iso, este capítulo experimentan un lixeiro aumento do **1,03%**, ou sexa en 59.903,26€.

Todas as previsións no Capítulo 3 de Ingresos se adecúan á información remitida polo departamento de Tesourería (Informe Ref.TES 64/2016), agás no concepto 34100 referido ao prezo público polo servizo de axuda a domicilio (SAF), no que se tomou como referencia o informe remito polo servizo. Embargantes, de non recadarse a contía que se prevé inicialmente o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais podería verse afectado.

CAPÍTULO IV- TRANSFERENCIAS CORRENTES

As aplicacións orzamentarias máis importantes son as que corresponden á participación nos tributos do Estado e da Comunidade Autónoma, así como as transferencias correntes desta última destinados a determinados servizos.

A Participación nos Impostos do Estado (PIE), sofre unha minoración respecto ao 2016 de 165.458,12€ ascendendo para o 2017 a 7.368.007,95€, tomando como referencia ca información ofrecida polo Ministerio de Facenda e Función Pública a través da OVEELL dos importes anuais previstos para 2017; debe advertirse que non se trata dunha minoración dos dereitos recoñecidos no 2016 se non das previsións iniciais para dito exercicio. De feito, os dereitos recoñecidos pola PIE en 2017 realmente aumentarán respecto o exercicio 2016, o que sucedeu é que na confección do orzamento 2016 tívose en conta unha porcentaxe de incremento que finalmente non chegou a materializarse no 100%.

Como cada exercicio económico a contía da PIE minórase polo importe das cotas das liquidacións negativas das PIE 2008 e 2009.

Establécese, con carácter definitivo, a participación nos ingresos da Comunidade Autónoma, denominada Fondo de Cooperación Local, estimando para este exercicio a mesma cantidade



que para o 2015, 1.163.803,20 euros, con base na derradeira comunicación recibida da Dirección Xeral de Orzamentos da Consellería de Facenda, de 31 de decembro de 2016.

En canto ás subvencións por transferencias correntes estimáronse con base nos últimos compromisos de ingreso, a información facilitada polos diferentes servizos afectados, resolucións de concesión ou ingreso das mesmas nas arcas municipais, e, no seu defecto, tomouse como referencia o importe concedido no exercicio anterior, tales como subvencións para sostemento do servizos de Drogodependencia, Servizos Sociais de Base (Plan Concertado), Servizo de Axuda no fogar, Dependencia, Escola Infantil, ADL, Conservatorio, Escola de Música etc.

O impacto da minoración da PIE tradúcese nunha minoración global do capítulo nun **1,55%**, xa que as restantes transferencias finalistas mantéñense e algunha incluso aumenta minimamente.

CAPÍTULO V- INGRESOS PATRIMONIAIS

Incrementase respecto ó exercicio anterior en 2.193,29€, (**21,59%**)

Se consignan as previsións de ingresos por xuros das contas correntes operativas do Concello e por canones de explotación de bens de titularidade municipal.

Non se contemplan ingresos procedentes de convenios urbanísticos.

CAPÍTULO VII- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

As transferencias de capital son recursos afectados que financian obras incluídas no Anexo de Inversións do ORZAMENTO e neste exercicio novamente se limita á consignación da subvención da Xunta de Galicia para o financiamento do Plan Xeral de Ordenación Municipal correspondente á anualidade do 2017, unha vez aprobado no Pleno o reaxuste de anualidades ata o 2019.

CAPÍTULO VIII- ACTIVOS FINANCEIROS

Recolle os ingresos procedentes dos reintegros de préstamos a conceder ó persoal do Concello pola contía habitual de 150.000,00€.

CAPÍTULO IX- PASIVOS FINANCEIROS

Prevese a concertación dunha operación de crédito que afecta ó Anexo de Investimentos por importe de 1.250.000,00€, ao non atoparnos afectados polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004, pola DF 31ª da Lei 27/2012 de Orzamentos Xerais do Estado 2013, artigo 13 da LO 20/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e artigo 10.4 RD 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pago ós provedores das entidades locais.

Se ben é certo que o volume de endebedamento, sumando a operación proxectada, supera ao comprometido no Plan de Axuste do RD Lei 4/2012 a 01/01/2017 (xa que as previsións do Plan se realizaron sobre a base de non concertar ningunha operación de préstamo en todo o escenario temporal que abarcaba), se espera que a 31/12/2017 nos situemos de novo dentro dos compromisos adquiridos no plan.

En calquera caso, tratase duna operación proxectada e tal e como se constata no informe de Intervención CV 13/2017, haberá que esperar á liquidación do exercicio 2016 para poder determinar o volume de endebedamento a efectos da formalización da operación proxectada.

C) BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

As Bases de Execución do Orzamento para o exercicio 2017 sofren novamente as modificacións propias dun documento de natureza altamente dinámica como é este, consecuencia da necesidade de adaptalas aos cambios normativos así como de dar resposta a necesidades que foron facéndose patentes ao longo do exercicio 2016 ou a vista das indicacións do propio equipo de goberno. Podemos resumi-las nas seguintes:

- **Modifícase novamente a base 20ª para mellora do sistema de xestión contable na tramitación dos expedientes de gasto.**
- **Suprímese no Título V o apartado dedicado ás subvencións nominativas en especie, por tratarse dunha materia que pasará a xestionarse pola Concellería de Cultura coas asociacións en réxime de colaboración.**



- **Modifícase a táboa das subvencións nominativas en metálico dando cabida a novas entidades e modificando o importe doutras existentes.**
- **Modifícase a Base nº 44“ Incremento de retribucións do persoal”, en canto as referencias normativas.D) TEITO DE GASTO NON FINANCIERO:**

A LOEOSF obriga á aprobación dun teito de gasto non financeiro para cada exercicio.

Para o cálculo do teito de gasto, o artigo 31 da Lei 20/2012 establece:

“1. El Estado, las Comunidades Autónomas y las Corporaciones Locales aprobarán, en sus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto no financiero, coherente con el objetivo de estabilidad presupuestaria y la regla de gasto, que marcará el techo de asignación de recursos de sus Presupuestos.

El límite de gasto no financiero excluirá las transferencias vinculadas a los sistemas de financiación de Comunidades Autónomas y Corporaciones Locales.(...)”

En definitiva, o artigo 30 esixe ás Entidades Locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre có obxectivo de estabilidade e coa regra del gasto, pero non se establece a obriga de remisión de información sobre o mesmo, só aproba-lo.

O teito de gasto non financeiro do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados para o exercicio 2017, que debe ser coherente có obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto analizados no informe da Intervención municipal ref.: CV 14/2017, é o seguinte:

TEITO DE GASTO CONSOLIDADO	
COHERENCIA CÓ LÍMITE DE ESTABILIDADE	
CAPITULOS 1-7 INGRESOS	23.103.179,30
CAPÍTULOS 1-7 GASTOS	21.261.370,79
NECESIDAD/CAPACIDAD FINANCIACIÓN	1.841.808,51
COHERENCIA COA REGRA DE GASTO	
GASTO COMPUTABLE 2016+CAP 3 E INGRESOS FINALISTAS 2017	21.238.233,21
LÍM.GASTO NO FINANCIERO CONSOLIDADO	21.238.233,21
Límite Gasto no financ / partiendo de Regla de Gasto	21.238.233,21
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidad presusp.	23.103.179,30

CONCLUSIÓN:

Pese á previsión optimista, persiste un complicado escenario socio-económico marcado polo paro e unha notoria situación de emerxencia social que obriga a elaborar uns orzamentos na liña do crecemento, pero prudentes e realistas, que destinen a práctica totalidade dos maiores ingresos á mellora dos servizos básicos, incrementando tanto medios persoais como materiais así como as axudas de diversa índole, reforzando as existentes, pero tamén implementando novas liñas de fomento.

Incrementábase a porcentaxe de investimentos con cargo a recursos propios o que contribúe a sostiabilidade financeira e á estabilidade orzamentaria, aínda que segue a ser preciso acudir ao endebedamento para dar cobertura a tódalas necesidades.

Como se pode apreciar nas gráficas que acompañan a esta Memoria, presentamos un Orzamento para o exercicio 2017 no que, dada a situación económica do Concello, é posible reforzar o gasto en bens e servizos correntes, facendo fronte a expedientes de revisións de prezos, reforzar as políticas de benestar social, educación e cultura, continuar cos obxectivos de axuda ao emprego, asumir novas liñas de fomento e reforzar as



existentes, ao tempo que incluso pode volver a asumirse con cargo a recursos propios investimentos en maior porcentaxe co orzamento anterior.

Neste orzamento, o aumento tendencial dos ingresos, xunto coa redución de certas partidas, permite incrementar o gasto corrente dentro da marxe da regra de gasto e dos obxectivos de estabilidade e sostibilidade, así como acometer novas inversións aumentando o nivel de endebedamento dentro duns límites moi restritivos e suplindo esa menor marxe de manobra do exercicio precedente coa rentabilización de excedentes de financiamento.

O proxecto de orzamento 2017 recolle unhas previsións de ingresos reais e prudentes, suficientes para a cobertura dos gastos baseados na lixeira mellora da situación da economía o que nos permite contar con importantes previsións iniciais en conceptos inexistentes nos anteriores exercicios tales como ICIO ou licenzas urbanísticas o tempo que se aposta pola inspección fiscal aínda que a mesma non poida ter incidencia nas previsións iniciais.

No Plan de Axuste se recollían unhas previsións para o 2017, respecto ás que se experimentan variacións principalmente polos seguintes motivos:

1. Sucesivo incremento da participación nos tributos do Estado, o que vai compensando a menor subida fiscal aplicada e a redución doutros ingresos.
2. O abandono das medidas de redución do gasto en materia de persoal.
3. Previsión da concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo por importe de 1.250.000,00€.
4. A non obrigatoriedade de aprobar o orzamento con superávit inicial debido ao signo positivo do RLT^aGX obtido na liquidación 2015.
5. Amortizacións extraordinarias en aplicación do superávit obtido nas liquidacións 2012, 2013, 2014 e 2015. O proxecto de orzamento para o exercicio 2017 do Concello de Vilagarcía de Arousa reflicte a evolución tendencial da economía o tempo que responde a unha serie de medidas e políticas de xestión en materia de gastos que implican un incremento dos gastos non contemplado, e pese a iso o presente proxecto de orzamento se estima que será liquidado dentro dos obxectivos fiscais de regra de gasto, estabilidade e sostibilidade financeira así como dentro das propias previsións do Plan de axuste.

Así pois, o plan de Axuste non debe ser obstáculo á mellora da situación municipal senón un instrumento de soporte e referencia consistente cós orzamentos de cada exercicio, e as medidas comprometidas en ingresos e gastos deben analizarse en conxunto dentro do marco plurianual no que se integra o Plan adquirindo con iso unha necesaria natureza dinámica, pero tendo como premisa en dita conxugación de ambos documentos que en todo caso as políticas municipais concretas para cada exercicio deberán responder ás finalidades do Plan, e tal e como se deixa constancia no informe de Intervención neste punto, ou as desviacións acumuladas ata a data na execución do Plan (2012-2016), permitirán asumir a desviación negativa do exercicio 2017.

Unha vez analizado o Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa para o ano 2017, atopamos un orzamento cunha lixeira desviación do **+5,06%** respecto das previsións das liñas fundamentais do orzamento para o 2017, motivada pola previsión da operación de endebedamento que non se contemplou na confección das liñas 2017, cunha desviación negativa respecto do Plan de Axuste que quedaría amortizada pola desviación acumulada ó alza dos catros exercicios precedentes. Un orzamento equilibrado, estable, sostible e que cumpre coa regra de gasto e por iso, estimo que é posible facer efectivo o compromiso deste goberno de seguir executando o Plan de Axuste vixente xunto ás políticas necesarias de incidencia anual, sen menoscabo da calidade dos servizos mínimos municipais necesarios, nin esquecer o obrigado compromiso coas políticas asistenciais, permitindo no seu conxunto unha xestión eficaz do gasto público dentro dunha política de austeridade, sen esquecer as accións destinadas a servizos e actividades de solidariedade social prestados polo propio Concello, en beneficio do interese xeral e do conxunto da cidadanía do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Vilagarcía de Arousa, 13 de febreiro de 2017.

O Alcalde,
Alberto Varela Paz



Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupo municipal de PSG-PSOE informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do BNG, EU, PP E SOMOS MAIORIA, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM.

- Intervén a Sra. Abalo Pérez dicindo que é un orzamento potente, acometendo os gastos e sen incrementar os impostos. Baixando o IBI ao 55%. Dáse resposta a temas de medio ambiente, servizos públicos, memoria histórica, entre outros.

Aumentan os capítulos 4 e 6. Teñen forte carácter social, subvencións a ONGs, axudas para o IBI, fomento do emprego, axudas a Asociacións Culturais.

Fondos Feder, se aporta 1.250.000 € . O Orzamento ten o aval dos informes de Intervención e cumpre o Plan de Axuste. Será necesario pedir un préstamo, o que demostra a boa saúde do Concello.

E un Orzamento prudente no gasto e realista nos ingresos.

O gasto de persoal é o 37% (Capítulo I), se aumenta a aportación do Plan de Pensións, se elabora unha nova RPT, tres novas prazas de Policía Local. Os gastos de Goberno ascenden a 183.000 €. Se incrementan os servizos. Hai maior eficacia e eficiencia no gasto.

Capítulos 3: Gastos financeiros, se reducen nun 45%.

Capítulo 4: Transferencias correntes, se incrementa un 7%.

Capítulo 5: Fondo de continxencia.

Capítulo 6: Está o Proxecto Vilagarcía Avanza, cunha operación de crédito e tamén hai un total de 427.000 € procedente de fondos propios. Os investimentos son en obras.

Capítulo 7: Inclúe aportación Mancomunidade e axudas emerxencia gastos hipotecarios.

Capítulo 8: Préstamos ao persoal.

Capítulo 9: Diminúe o importe.

Ingresos: Se incrementan nun 2,66%.

IBI, IAE, Plusvalía, etc., teñen un efecto importante.

ICIO: Prevéese un incremento.

Taxas: Practicamente o mesmo que en 2016.

Participación nos Tributos do Estado: baixa.

Préstamo: Para Vilagarcía Avanza nos aparta do Plan de Axuste, pero o Concello cumpre cos límites de gasto marcado polo Estado.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que vai votar en contra dos orzamentos. Non vai modificar a súa intención. Falta de información, trato discriminatorio cos grupos e afán de desprestixio da labor da oposición, ademais non se abordan as reivindicacións dos funcionarios municipais. Defende un Orzamento participativo e distan diso e por iso o non é firme.

O Concelleiro 22 está en excedencia, escurantismo, esperpéntico, o trámite recibíuse pola oposición a documentación o mércores 22 de febreiro, minutos antes ca prensa.

Dise que as propostas de Somos Maioría chegan tarde e chegaron o 24 de novembro de 2016.

Temos un Orzamento, excepto fondos Feder, son continuistas, mellorouse a proposta final, pero non é suficiente para avalar, aparece a axuda do IBI, e 70.000 € para Comunidades de Montes.

Baixan 20.000 € en convenios culturais e soben 30.000 € en salarios dos Concelleiros.

¿Vai haber máis liberados?



Dos 5.000.000 € de FEDER invístense 400.000 en Vilaxoán e Carril. ¿Para que son 70.000 € destinados a posta en marcha do Consello social?.

Os fondos FEDER deben ser para rehabilitación de casas históricas, patrimonio cultural do Concello, é dicir obras que queden para sempre.

O voto é en contra dos orzamentos para 2017.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que valoran que se incluíran as propostas do BNG no Orzamento 2017, e que son fundamentais. Téñense incidido nas liñas das necesidades dos veciños: fomento do emprego, mellora rural, promoción cultural, medio ambiente, aforro enerxético, 70.000 € para os montes, 30.000 € para actividades forestais, bolsa de 90.000 € para facer os impostos máis progresivos, mellora centros sociais, 25.000 € para recuperación de fontes, lavadoiros, incremento en axudas culturais, partidas para sala de exposición artistas noveis, normalización lingüística para o programa “apego”. Tense comprometido para mellorar aos máis necesitados.

O BNG da o seu apoio.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que dende EU non apoian os orzamentos. Non se traballou para chegar a un acordo. Dende o 25 de novembro ata o 2 de febreiro non houbo xuntanza. Hai discriminación de trato e de información, e o Goberno se apoia en falacias.

Pediron en novembro datos ao grupo de goberno e presentaron propostas como a municipalización e tamén pedimos que se executaran acordos plenarios, non só pancartas, tamén feitos.

O 27 de decembro de 2016 presentamos unhas primeiras medidas. Non se quere que apoiemos os Orzamentos, se di que hai medidas de EU que non son viables. Non se fai esforzo en accesibilidade. Os fondos Feder deben facer a Vila xusta antes que bonita. O aspecto social dos orzamentos, resalta a Concelleira de Facenda, pero é antisocial porque non se respectan aos traballadores municipais, non hai acordo co grupo de goberno municipal. Un pacto de cidade, consolidase o incremento de 35.000 € do grupo de goberno en salarios. Non hai decoro, nin respecto aos voceiros, amparándose en escusas para xustificar o inxustificable. Fai dous días a plantilla de traballadores do asilo pedían ao Alcalde que cumpriran o convenio, e o Alcalde dixo que só podía interceder, se non fai nada no Concello polos traballadores municipais, non o vai a facer cos traballadores do Asilo.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que os Concelleiros do pacto natura o tildaron de pouco dialogante e opaco ao Alcalde, o din os seus.

Trae o orzamento tarde, mal e arrastro, típico dos socialistas, fora de lei e fora da realidade.

Sufriu e viviu o terceiro goberno socialista, Gago presentabaos fóra de prazo, García os prorrogou, e o primeiro deste goberno os aprobaron en Xunta de Goberno Local, e este ano traen un Orzamento tráfuga. Hai que quitarse a careta.

Obvia aos voceiros e trata cos díscolos e tráfugas e iso o converte en Alcalde transfugista.

O Goberno de Gago ía só. Dolores formou unha comparsa co BNG e isto é unha choqueirada. Cada un a polo seu premio. O Concelleiro tráfuga encantado de ser protagonista e de reunirse co Alcalde.

O grupo multetilla vota a favor de incrementar o IBI no rural. O grupo de goberno se quita a careta e presenta 100.000 € para un portal de transparencia, a pesar do escurantismo. Non hai nada dos acordos co PP.

O Capítulo I segue co enchufismo, hai diñeiro para asistencias técnicas, o Alcalde antes das eleccións montou a oficina electoral na Xerencia de Urbanismo e fixo promesas aos traballadores agora se desdía. Prioriza as publicacións e a memoria histórica.

Que pasa con Luz Salgada, que pasa cos Fondos Feder. Esa e a transparencia, Concelleiro 22, Vilagarcía Avanza ¿Cara onde?. Vai cara unha Luz Salgada.



Estamos en marzo, en abril será a aprobación definitiva, existen 40 proxectos en Fondos Feder. Precisan a liquidación aprobada, préstamos, etc. vaise a xullo ou agosto para executar. É un orzamento disfrazado, antes de que se aprobe se debe dicir que é o que se aceptou das propostas do Concelleiro díscolo e tráfuga.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a cidadanía puxo ao PP na oposición. Ao PP non lle gusta a transparencia, pídlle respecto a todos os concelleiros ademais quérolle dicir ao Sr. González e Sr. López:

- 1ª Xuntanza dos orzamentos, 25 de novembro de 2016.

- 2ª Xuntanza dos orzamentos, 24 de xaneiro de 2017.

- 3º xuntanza dos orzamentos, 22 de febreiro de 2017.

Sen propostas nestas xuntanzas do Sr. González Somoza. Hai que traballar e ler no orzamento, coa pouca marxe que existe.

O Sr. López negocia dende posturas imposibles e irrealizables. A porta do Alcalde está aberta a todos os grupos e as traballadoras do Asilo, e no Padroado o Alcalde dixo que hab_ía que cumprir o convenio.

Baixaron os impostos e melloraron os servizos. O PP e EU levantan a man conxuntamente. As portas seguen abertas.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que hai tres posibilidades de votación, por coincidir ¿é un delito? Para o PSPE só hai unha, nós ou o resto, pois non, somos cinco grupos.

O PSOE na 2ª reunión presentou unhas follas de excel que falaban de remanentes.

Somos Maioría fixo unha proposta, baixar os salarios pero aumentan en 30.000 €. Hai unha partida para memoria histórica e non se vai aos actos da memoria histórica por faltas de ortografía. Se cumpren todo o que prometen benvido sexa.

Lle parece bastante mal que se escoite falar de fondo cando está intervindo.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que van a reclamar ao goberno local as melloras necesarias como axudas aos sectores produtivos, cultura, patrimonio, etc. Están a favor dos orzamentos.

O circo de Fole é cansino pero hai algunha cousa na que incide. Chócalle esa expresión, porque aquí o único tráfuga está nas súas filas, mercou a maioría absoluta. No BNG non van incumplir a Lei antitráfugismo. Que Fole saque aos tráfugas do seu partido.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que para o goberno local son posturas imposibles as que presentou EU pero están apoiadas nos acordos dos Plenos. Esta Corporación comezou cunha pinza PP-PSOE para salarios.

Moción EU sobre comedores escolares, se desdobra e sae rexeitada unha parte pola pinza PP-PSOE. A nocturnidade dos traballadores municipais debe pagarse porque o di o Estatuto dos Traballadores. Os dereitos laborais para o PSOE son de carácter secundario. ¿O Alcalde no Concello non aplica os convenios? Se pide aos grupos propostas para a xuntanza de novembro e o grupo municipal trae uns listados de gastos sen mais.

Van votar en conciencia, algunhas veces tamén coinciden co PSOE.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que lle sorprende a voceira do grupo de goberno pedindo que hai que respectar aos membros do grupo de goberno. Pero non se lle dixo en que non os respectou, solo dixo tráfuga e díscolo, e utilizan esa situación no PSOE para cambiar maiorías. O grupo municipal de IVIL se pasou ao PP. Cando o PSOE e o BNG se uniron en 2007 ¿eran tráfugas? Lle formularon máis de 60 propostas. A única aceptada é a dos soldos e as demais son tan malas que non se mereceu aceptar ningunha.

Vilagarcía Avanza sen concreción ningunha, todo filosofía. ¿Que hai de malo que veñan a Pleno? Castro Ratón pediu que viñera a Pleno os plans importantes. O da pinza está un pouco gastado.



Ou comigo ou contra mín, din no PSOE. O seu exemplo de participación e non aceptar nada. Se dicía que ía a facer o Alcalde un recorrido polas Parroquias para os orzamentos. ¿Lle preguntou aos veciños ou colectivos sobre os Fondos Feder?.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que está contento polos Fondos Feder. Non votaron nas eleccións ao PP os cidadáns.

- Intervén o Sr. Alves Lago por alusións. Indica que xa sabía que ia a ter alusións. Debe saber o que é un tráfuga Sr. Fole, eu non son un tráfuga. Se non está contento co pacto de cidade, rompa con el, sexa valente.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se están discutindo os orzamentos de 2017. Agradece a labor dos grupos e Concelleiros que chegaron a acordo. Este orzamento municipal é o orzamento dos que fixeron aportacións. Hoxe falouse moitísimo de transfuguismo, Manuela Carmena en Madrid votou diferente ao resto de Concelleiros do seu grupo municipal.

. Sr. Somoza, para chegar a acordos non se poden enviar un día antes as propostas, porque hai que darllas aos funcionarios municipais para elaboralas.

. No Concello hai moitos colectivos, e na RPT débense corrixir esas inxustizas.

O Sr. López Rodríguez di unhas cousas en privado e outras en público. EU dende o ano 2003 nunca votou a favor dos orzamentos municipais.

Respecto ao PP, resúltalle curioso que fale que o Orzamento Municipal non está aprobado, tampouco está aprobado o orzamento en Madrid. O que fixo o PP enviando un Senador a Madrid é mais preocupante que un concelleiro que vote diferente que o seu grupo.

Cando propuxeron baixar o IBI o PP votou en contra, e na prensa piden baixar impostos.

Nese Plan de Axuste falaban de reducir os gastos de persoal, e agora defenden as reivindicacións do persoal municipal.

Aínda así hai equilibrio orzamentario.

Sempre vai ter man tendida para chegar a acordos.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (8), BNG (2) e EU (Sr. Alves Lago) e dez votos en contra pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais do PP (7), EU (2) e Somos Maioría (1).

ACÓRDASE: Por Maioría:

1.- A aprobación inicial do Orzamento Xeral do Concello e da FPSDM para o exercicio 2017, cun importe que ascende a 27.056.229,94 € no estado de ingresos e 27.056.229,94 € no estado de gastos, cun superavit por tanto de 0,00 €, así como as bases de execución, o anexo de investimentos que ascende a 1.682.029,21 € e o teito de gasto non financeiro que se fixa en 21.238.233,21 €

2.- Aprobar o cadro de persoal que comprende 305 prazas e a relación de postos de traballo así como as súas retribucións para o ano 2016, modificar a denominación de determinado posto, inclusión de postos de nova creación, habilitar a inclusión na oferta de emprego público 2017 de determinadas prazas. Proceder, así mesmo ao incremento da aportación individual do Plan de Pensións Municipal, ascendendo o total a 60.464,86 €

3.- A concertación dunha operación de crédito afectado ao anexo de investimentos por importe de 1.250.000 €, por non atoparse o Concello afectado polas limitacións impostas nesta materia polo TRLRFL 2/2004 e demais normativa de aplicación.

4.- Expoñer ao público o orzamento Xeral do Concello para 2017 e o da FPSDM, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia durante o prazo de quince días, para o que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante a Xunta de Goberno Local.



O orzamento e demais documentos citados considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E AS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS. : Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 14 de febreiro de 2017, so seguinte teor:

MOCIÓN RELATIVA AOS DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E ÁS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate en Pleno, relativa aos danos causados polos temporais deste febreiro e ás reponsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentraís, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, esta obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro



eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.

2. Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

Vilagarcía de Arousa, 14 de Febreiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU, PP E PSG-PSOE, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción do BNG relativa aos danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras.

- O Sr. Ríos González le o texto da moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que apoia a moción e agarda que o Goberno Galego cumpra coas propostas do BNG. Hai familias que estiveron catro días sen luz. As empresas dan un servizo pésimo e lamentable.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que neste Concello houbo familias sen luz catro ou cinco días. A luz afecta á salubridade e mantén os alimentos. Hai un contrato que vincula ás empresas e a prestación se fai con estruturas obsoletas en moitos casos.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que esta moción do BNG refírese aos danos dos temporais, parece que cando goberna un partido se lle esixe máis que outros. Se poñen en marcha axudas para sectores. Se debe esixir un bo mantemento do servizo eléctrico, pero se poñen en marcha axudas, etc., que se están a facer.

Dado o espírito da moción, imos favorecer que saia adiante.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que apoian a iniciativa do BNG, pero o reforzo dos Concellos ás propostas é importante. Hai Concellos como Meis que piden se declare zona catastrófica, e as empresas eléctricas deben mellorar as instalacións.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con catorce votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais doPSdeG-PSOE (8), EU (3), BNG (2) e Somos Maioría (1), e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP (7)

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e

1.- Instar ao Goberno galego a:

a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos



públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.

b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.

c) Exixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.

d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestructura eléctrica.

2.- Prestar apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ARRANXO DAS DEFICIENCIAS NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE CARRIL.:

Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 15 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

MOCIÓN PARA O URXENTE ARRANXO DAS DEFICIENCIAS NO CENTRO SOCIOCULTURAL DE CARRIL

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno, relativa a necesidade urxente dos arranxos no centro sociocultural de Carril.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo destes últimos tempos estase a ver como o centro sociocultural de Carril se ven deteriorando. Este deterioro na súa infraestructura ten como consecuencia que aos usuarios e usuarias deste centro lles resulte difícil poder realizar as actividades no mesmo.

A día de hoxe este centro atópase nunha situación que poderíamos calificar de calamitosa ou de abandono, xa que conta con problemas de sumidoiros, o que ademais dos malos cheiros produce inseguridade, ten a porta rota, o cadro da acometida eléctrica sen protección, problemas coas fiestras,... Ademais, de que, despois de proceder ao cambio da cuberta, se deixou sen facer a limpeza de obra e se seguen mantendo, os problemas de humidade.

Tendo en conta, que non se ten rematado unha nova instalación prometida dende fai tempo, a precariedade no relacionado a espazos onde poder realizar as actividades socioculturais en Carril é totalmente precaria e claramente insuficiente.

Dende o BNG entendemos que resulta necesario e moi urxente a solución dos problemas que padece este centro sociocultural para poder garantir que a cidadanía de Carril, conte cun lugar onde poder realizar e disfrutar das actividades socioculturais cunhas mínimas condicións de seguridade e calidade.

A nosa organización entende necesario a realización destes arranxos de forma urxente, mentras non se conte con un novo centro que permita a realización de actividades no pobo de Carril.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte



ACORDO:

1. Que por parte do goberno de Vilagarcía de Arousa se arranxe as deficiencias existentes no centro sociocultural de Carril e realicen as obras necesarias para poder realizar as actividades socioculturais nas condicións axeitadas e de seguridade.

Vilagarcía de Arousa, 14 de Febreiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG E Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU, PP e PSG-PSOE, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción do BNG para o urxente arranxo das deficiencias no Centro Sociocultural de Carril.

- O Sr. Ríos González le a moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que está a favor da moción. As instalacións débense mellorar, o Centro debe ser arraxado.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que apoian a moción.

- Intervén a Sra. Llovo del Río dicindo que van apoiar a moción. O BNG aproba uns orzamentos e entendemos que vai a ser para arreglar a Casa da Cultura. Non ten sentido esta moción. Está o Centro en malas condicións e decidiron fai anos facer un novo Centro Cultural e ningún dos dous se pode arreglar. Débense buscar outras solucións.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o Equipo de Goberno apoia esta iniciativa. O proxecto do PP de melloras en Centros Culturais foi ampliado. Nesa liña están traballando en melloras en Centros Culturais das Parroquias. Queda moito por facer.

- Intervén o Sr. Ríos González preguntando ¿Que fixeron Vdes. en catro anos Sra. Llovo?. So intentaron arreglar unha parte da cuberta. Non fixeron nada dende o PP.

- A Sra. Llovo Del Río contesta ao Sr. Ríos dicindo que pagaron os pufos que deixaron os anteriores. O BNG pagou asesores a 3.000 €/mes para Cultura. O PP pagou as súas débedas.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e que por parte do goberno de Vilagarcía de Arousa se arranxen as deficiencias existentes no centro sociocultural de Carril e realicen as obras necesarias para poder realizar as actividades socioculturais nas condicións axeitadas e de seguridade.



10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO ARRANXO DAS DEFICIENCIAS NO COLEXIO DE VILAXOÁN.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 22 de febreiro de 2017, so seguinte teor:

MOCIÓN PARA O ARRANXO DAS DEFICIENCIAS NO COLEXIO DE VILAXOÁN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición, para o seu debate e aprobación en Pleno, relativa a **necesidade urxente dos arranxos no colexio de Vilaxoán.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende fai tempo no CEIP de Vilaxoán (construído no ano 1979) veñense padecendo unha serie de problemas debido ao deterioro na súa infraestrutura. Estas deficiencias, que a pesares de ser denunciadas e reclamada a súa solución ao Concello e a Xunta de Galicia, a día de hoxe, seguen sen ser atendidas. Deste xeito, neste centro persite unha situación que ademais de dificultar o normal desenrolo da súa actividade, esta a supoñer un grave risco para a saúde das crianzas e de toda comunidade educativa.

Asi neste centro,entre outras cuestións, sería preciso realizar o **cambio de ventás** para evitar pasar frío durante as clases e tamén contribúese ao aforro enerxético.

Realizar o cambio do falso teito que esta moi deteriorado e o que lle faltan pezas. Supoñendo un risco tamén para as persoas.

É necesario o cambio da caldeira, xa que ademais de ter situada dentro do propio centro e o seu depósito que esta soterrado ao lado da cociña ten ademais filtracións o que supón un grande risco para todas as persoas que usan este centro e incumpre as normativas de seguridade.

É necesario tamén o cambio do seu teito, xa que contén amianto, o que ademais de incumprir a normativa supón un grave risco para a saúde. Este debera ser retirado según a normativa e respetando tódalas medidas de seguridade.

Tanto dende a comunidade educativa como dende o BNG consideramos que dende o goberno do concello non se debe permitir que persista esta situación de deterioro neste centro educativo que ademais de supoñer un deterioro nas condicións educativas supón tamén un grande risco na seguridade e para a saúde de toda comunidade educativa deste centro.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal de Vilagarcía de Arousa a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1. Instar ao Goberno galego que de forma urxente proceda ao arranxo de todas as deficiencias que ten este centro, entre elas: a retirada e instalación dunha nova caldeira, retirada do teito de amianto e cambio do mesmo, cambio do falso teito, e cambio de ventás.**
- 2. Instar ao goberno da Xunta a realizar unha avaliación de todas as deficiencias estruturais deste CEIP de Vilaxoán e que se realicen todas aquelas actuacións necesarias, tanto para o correcto funcionamento deste centro como para a seguridade das persoas.**
- 3. Que por parte deste Concello se realicen as actuacións que lle correspondan, especialmente se tomen as medidas necesarias no que poida afectar a seguridade das persoas.**

Vilagarcía de Arousa, 21 de Febreiro de 2017

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG e Somos Maioría informan favorablemente.



As/os representantes dos grupos municipais de EU, PP e PSG-PSOE , din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción do BNG relativo ao arranxo das deficiencias no Colexio de Vilaxoán.

- O Sr. Ríos González le a moción. Hai diñeiro para a educación privada e concertada, e pouco para a educación pública.

Se rescata a banca e se abandonan os servizos públicos.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que está a favor da moción. A caldeira ten deficiencias graves. As ventás foron substituídas 12 de 60, o aire move o falso teito e débese retirar o amianto.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que aquí se fala de educación, saúde, etc. Non se pode poñer en perigo a saúde dos/as nenos/as e profesorado. O amianto é moi contaminante.

Pide substituír “instar” por “esixir”. Se debe esixir a retirada do amianto en tódolos colexios.

EU apoia a moción.

- Intervén a Sra. Llovo del Río dicindo que no bipartito se fixo un colexio en A Lomba que deu moitos problemas dende o minuto cero. Na conta do Concello para educación tiña 60 € a 20 de xuño de 2011. Se arranxaban en aquel momento as casas dos profesores, os colexios teñen 40 anos, calquera necesidade o PP a vai a apoiar.

O mantemento durante moitos anos non se fixo. Cando deixaron o goberno en 2015 quedaron 100.000 € e unha parte investíuse na calefacción da Biblioteca.

No Colexio de Carril se apoiou a realización de obras co PP.

Van apoiar a moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que apoian a moción do BNG. No Parlamento de Galicia presentaron iniciativas para eliminar o amianto dos centros de ensino. Lles parece necesario arranxar o centro. Non se fixeron no centro reformas estruturais.

Recordar á Sra. Llovo, que neste caso é unha obra estrutural e debe esixirse á Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia esixe colaborar aos Concellos, e a Xunta de Galicia debe cumprir coa educación.

O Colexio de A Lomba o fixo o bipartito pero os problemas que ten é unha cuestión técnica; No bipartito se fixo a escola de Idiomas, tres comedores, libros de texto gratuítos, etc.

O PP asumiu gastos no Colexio en Carril.

O PSOE apoia a iniciativa.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG non levaba educación no bipartito da Xunta de Galicia. Se gastaron máis cartos co bipartito que co PP en educación.

- Intervén a Sra. Llovo del Río dicindo que o BNG formaba parte do goberno bipartito. Lle recorda as súas palabras, dicía antes a Sra. García Sanmartín na oposición que o Concello debería facerse cargo de todo.

Se chegou a un acordo coa Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello para arranxar os colexios.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que a vontade política era reivindicar ante a Xunta de Galicia polo Centro de Saúde, RISGA, deficiencias en colexios.... Non as esixiron.

Cada un as súas competencias.



O PP fixo un colexio en Vilagarcía en 40 anos.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que houbo vontade política de arranxar o Pavillón de Rubiáns e agora se fala do Comedor de O Piñeiriño, se pide a colaboración do Concello. Debe consultarse antes.

A Xunta de Galicia debe asumir as súas competencias.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción presentada polo grupo municipal do BNG e:

1. Instar ao Goberno galego que de forma urxente proceda ao arranxo de todas as deficiencias que ten este centro, entre elas: a retirada e instalación dunha nova caldeira, retirada do teito de amianto e cambio do mesmo, cambio do falso teito, e cambio de ventás.
2. Instar ao goberno da Xunta a realizar unha avaliación de todas as deficiencias estruturais deste CEIP de Vilaxoán e que se realicen todas aquelas actuacións necesarias, tanto para o correcto funcionamento deste centro como para a seguridade das persoas.
3. Que por parte deste Concello se realicen as actuacións que lle correspondan, especialmente se tomen as medidas necesarias no que poida afectar a seguridade das persoas.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE EU DE APOIO A SECTOR DA ESTIBA.: Dáse conta do ditame emitido pola C.I. BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2017, do seguinte teor:

Dáse conta de moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 21 de febreiro de 2017, so seguinte teor:

Don Jesús López Rodríguez, voceiro do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta para a súa aprobación a seguinte

MOCIÓN DE APOIO AO SECTOR DA ESTIBA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da estiba supón unha importante actividade económica formado por máis de 6.000 traballadores.

Cabe lembrar que en 2010 se levou a cabo a reforma da Lei de Réxime Económico e de Prestación de Servizos dos Portos de Interés Xeral do Estado cun amplo apoio parlamentario, pero que a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do pasado 11 de decembro de 2014 obriga a España a levar a cabo determinadas modificacións legais e convencionais, provocando así a incerteza nas empresas portuarias e nos traballadores do sector. A favor da solución do conflito xerado, no últimos tres anos realizáronse numerosos encontros entre o Ministerio de Fomento ou Portos do Estado, a patronal do sector (ANESCO) e os sindicatos maioritarios da estiba.

Sendo conscientes de que a normativa que regula a relación laboral, o Real Decreto 371/1987, do 13 de marzo, polo que se aproba o Regulamento para a execución do Real Decreto-Lei 2/1986, do 23 de maio, de estiba e desestiba, debe de ser sometida a diversas modificacións, as mesmas non poden, precisamente, acometer recortes nos dereitos laborais conseguidos pola traxectoria reivindicativa do sector. As reformas deben abordar necesariamente un avance nos mesmos, garantindo o principio de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego, sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución Española.

Por todo iso, a Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa adopta os seguintes

ACORDOS:



1.-Reafirmar o respaldo ao sector da estiba e instar o Ministerio de Fomento, ás empresas e aos traballadores a que acorden as medidas que permitan superar a incerteza xerada a partir da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2014.

2.- Instar o Goberno do Estado español que no caso de que se aprobe unha nova regulación normativa a mesma respecte todos os dereitos laborais conquistados polo sector ao mesmo tempo que introduza garantías para o acceso ao emprego sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución Española e de acordo aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

3º.- Dar traslado do seguinte Acordo ao goberno do Estado Español e aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais.

En Vilagarcía de Arousa a 21 de febreiro do 2017

Asdo.**Jesús López**

Voceiro do grupo municipal de Esquerda Unida.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de BNG, PP e PSG-PSOE , din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a moción de EU de apoio ao sector da estiba.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que este sector existe en Vilagarcía de Arousa. Solicita o respaldo a esta moción. Logo se fala que son uns privilexiados, etc, e se criminaliza o sector. Piden o respaldo á moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que está a favor da moción. É un sector dinamizador da economía e non se debe empeorar a situación laboral deste sector.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG está a favor. Os gobernos da dereita toman medidas en contra dos dereitos laborais. Apoian a moción.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que escoitando a algún voceiro se chega a falar de escravismo e denota falta de información. Isto é unha sentenza de Europa, e todos os países teñen que cumprir esa sentenza e teñen que facer o mesmo, ou queren declararse insubmisos e pagar a multa por non cumprir a sentenza.

Agora mesmo neste sector non se cumpre co artigo 14 CE, non se contratan mulleres en Algeciras, non deixan os sindicatos. Agora mesmo só os que están nese Rexistro poden ser contratados.

Apoian a moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que é unha sentenza do Tribunal, e adaptar a normativa non se está a facer negociando co sector nin cos grupos da Cámara. O PSOE apoia a moción de EU.

O Alcalde vaise a reunir co colectivo da estiba a próxima semana.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que soa feo o escravismo, pero as folgas son defensivas. O acceso debe ser igualitario. Trátase dun sector goloso para as empresas. As novas incorporacións serán con condicións laborais diferentes.



- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que cando fala de escravismo non é só levar cadeas, tamén é traballar en condicións desfavorables e gañar unha miseria.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que entende a postura do Sr. Ríos, pero como non goberna o BNG estamos en Europa. O soldo medio dos estibadores é de 60.000 €/ano.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes no Pleno (21 de 21)

ACÓRDASE: aprobar a moción presentada polo grupo municipal de EU e:

1.- Reafirmar o respaldo ao sector da estiba e instar o Ministerio de Fomento, ás empresas e aos traballadores a que acorden as medidas que permitan superar a incerteza xerada a partir da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en 2014.

2.- Instar o Goberno do Estado español que no caso de que se aprobe unha nova regulación normativa a mesma respecte todos os dereitos laborais conquistados polo sector ao mesmo tempo que introduza garantías para o acceso ao emprego sen discriminación de ningún tipo de acordo co artigo 14 da Constitución Española e de acordo aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

3°.- Dar traslado do presente Acordo ao Goberno do Estado Español e aos distintos grupos parlamentarios das Cortes Xerais.

12.- INTERPELACIÓNS.

Non se presentaron

13.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

14.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- O Sr. González Somoza pregunta onde está a fonte de Vista Alegre.

- A Sra. María Mochales contesta que na Nave de Obras.

- A Sra. César Veloso di que os veciños dos Petroglifos teñen unha fochanca no Salgueiral e di que debe repararse.

- O Sr. Fole Díaz pregunta se ían incluídas nos documentos do Orzamento 2017 as propostas do Sr. Alves.



- O Sr. Alcalde contesta que todas as aportacións dos grupos están incluídas. O Orzamento é do goberno municipal e da Corporación Municipal.

15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:50 horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.